



CONCELLO DE VIGO

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión do 6 de abril de 2026 (2063/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día seis de abril de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(243).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(244).- CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN E ACTUALIZACIÓN-MANTEMENTO DE LICENCIAS WINDOWS, MICROSOFT 365 E BI, CITRIX, VEEAMBACKUP, PRESTO, PDF STUDIO PRO, ACROBAT PRO E UBUNTU. EXPTE. 10815/113

Visto o informe xurídico do 24/03/2026 e o informe de fiscalización do 25/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/03/2026, asinado polo técnico medio de sistemas e polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 1 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

1.- En data 20/10/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da adquisición de un conxunto de licencias PDF Studio Pro e Ubuntu Pro Desktop, e actualización-mantemento de licencias Microsoft Windows, Microsoft 365, Microsoft BI, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Desktop, Ubuntu Pro Physical, Presto e VeeamBackup propiedade do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/10/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 21/10/2025.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 20/01/2026.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 23/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/01/2026 asinado polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 28/01/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación o 16/02/2026 e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos 17/02/2026.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 20/03/2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 2 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 20/10/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministrados.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria co prezo como único criterio de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 3 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de un conxunto de licencias PDF Studio Pro e Ubuntu Pro Desktop, e actualización-mantemento de licencias Microsoft Windows, Microsoft 365, Microsoft BI, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Desktop, Ubuntu Pro Physical, Presto e VeeamBackup propiedade do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/10/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 21/10/2025.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 20/01/2026.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 23/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/01/2026 asinado polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 28/01/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación o 16/02/2026 e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos 17/02/2026.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 20/03/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **77.501,50 €**, que inclúe un IVE de 13.450,68 €, dende o 13 de xuño de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	LICENCIAS DE PRODUTOS	9207.2090000	826,66 €	173,60 €	1.000,26 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 4 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
	INFORMÁTICOS				
2026	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	63.224,17 €	13.277,08 €	76.501,24 €
Total			64.050,83 €	13.450,68 €	77.501,50 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **155.003,00 €**, que inclúe un IVE de 29.901,36 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	LICENCIAS DE PRODUTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	826,66 €	173,60 €	1.000,26 €
2027	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	63.224,17 €	13.277,08 €	76.501,24 €
2028	LICENCIAS DE PRODUTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	826,66 €	173,60 €	1.000,26 €
2028	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	63.224,17 €	13.277,08 €	76.501,24 €
Total			128.101,66 €	29.901,36 €	155.003 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(245).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SOPORTE EN MATERIA DE ASISTENCIA A USUARIOS, PROGRAMACIÓN E ASESORAMENTO E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS. EXPTE 10946/113.

Visto o informe xurídico do 18/03/2026 e o informe de fiscalización do 23/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 5 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de servizos de soporte en materia de asistencia a usuarios, programación e asesoramento e desenvolvemento de proxectos (expte. 9901/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de abril de 2023, á empresa IMATIA INNOVATION, S.L. por un prezo de 200.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 34.710,74 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 23/05/2023, entrou en vigor o 24/05/2023 rematando o 23/05/2026.

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 26 de febreiro de 2026, dispoñendo se proceda a instruír a primeira e única prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses”*.
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, unha prórroga de dous anos de duración”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2023 a 2025.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que: *“O prezo aboarase mensualmente, previa presentación de factura conformada polo responsable do contrato, en función das horas realizadas conforme aos prezos unitarios previstos tras aplicarles o desconto ofertado polo contratista.”*
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 400.000,00 € dos cales 69.421,49 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 6 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento) en cada exercicio:

<i>Partida</i>		<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2270603 (Soporte programación e asesoramento)	en	2026	107.438,02 €	22.561,98	130.000,00 €
9207.2270603 (Soporte programación e asesoramento)	en	2027	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €
9207.2270603 (Soporte programación e asesoramento)	en	2028	57.851,24 €	12.148,76 €	70.000,00 €
Total					400.000,00 €

- A empresa IMATIA INNOVATION, S.L., no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de soporte en materia de asistencia a usuarios, programación e asesoramento e desenvolvemento de proxectos
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
- Consta no expediente notificación número 38295-2026 recibida pola empresa con data 27/02/2026 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
- O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 26 de febreiro de 2026, autorizando o inicio de este expediente da primeira e única prórroga do contrato.
- Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 7 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

- 1.- Acordar a PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO SERVIZO DE SOPORTE EN MATERIA DE ASISTENCIA A USUARIOS, PROGRAMACIÓN E ASESORAMENTO E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS (EXPTE 9901-113) polo período de dous (2) anos, do 24 de maio de 2026 ao 23 de maio de 2028, polo importe total de **400.000,00 €** IVE incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **130.000,00 €** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento)	2026	107.438,02 €	22.561,98	130.000,00 €
Total exercicio 2026				130.000,00 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **270.000,00 €** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe total</i>
9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento)	2027	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €
9207.2270603 (Soporte en programación e asesoramento)	2028	57.851,24 €	12.148,76 €	70.000,00 €
Total exercicio 2026				270.000,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 8 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

4(246).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 10947/113

Visto o informe xurídico do 18/03/2026 e o informe de fiscalización do 25/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do subministro de diverso material consumible informático (expte. 10018/113), adjudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de maio de 2023, á empresa OTEMAR 2020, S.L.L. por un prezo de 30.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,62 euros).

O contrato formalizouse en data 12/06/2023, entrou en vigor o 13/06/2023 rematando o 12/06/2024.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/04/2024 autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 13/06/2024 ao 12/06/2025, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2025 autorízase a segunda prórroga do contrato polo período dun ano, do 13/06/2025 ao 12/06/2026, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 26 de febreiro de 2026, dispoñendo se proceda a instruír a terceira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 9 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- *Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que "Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses".*
- No apartado 4.C das FEC indícase: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: contéplanse 3 prórrogas anuais".*
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2023, 2024 e 2025.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:

"O subministro de material non inventariable aboarase unha vez comprobado a correcta recepción con factura mensual".

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2211200 (Repostos de informática non inventariables).

5. A empresa *OTEMAR 2020, S.L.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co subministro de diverso material consumible informático

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 38294-2026 recibida pola empresa con data 27/02/2026 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.

7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 10 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 26 de febreiro de 2026, autorizando o inicio de este expediente da terceira prórroga do contrato.

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a TERCEIRA PRÓRROGA DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO (EXPTE 10018-113) polo período dun ano, do 13 de xuño de 2026 ao 12 de xuño de 2027, polo importe total de 30.000,00 € IVE incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **15.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9207.2211200 (Repostos de informática non inventariables)	2026	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €
Total exercicio 2026				15.000,00 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **15.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9207.2211200 (Repostos de informática non inventariables)	2027	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €
Total exercicio 2027				15.000,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a



súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98).

5(247).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO EQUIPAMENTO CENTRAL DO CPD MUNICIPAL. EXPTE. 10814/113.

Visto o informe xurídico do 24/03/2026 e o informe de fiscalización do 30/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/03/2026, asinado polo técnico medio de sistemas e polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 20/10/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do mantemento correctivo e preventivo da parte de servidores e sistemas de almacenamento do CPD Municipal do Concello de Vigo que xa non están cubertos pola garantía do provedor orixinal para garantir o funcionamento e dispoñibilidade dos servizos provistos polo CPD ante posibles incidencias dos equipos e grupos de servidores que dan soporte aos diferentes sistemas de información municipais.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/10/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 21/10/2025.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 09/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 10/03/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 11/03/2026.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 10/03/2026 asinado polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 11/03/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade do 12/03/2026.

- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 12/03/2026.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 12/03/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 12 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 20/10/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 13 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento correctivo e preventivo da parte de servidores e sistemas de almacenamento do CPD Municipal do Concello de Vigo que xa non están cubertos pola garantía do provedor orixinal para garantir o funcionamento e dispoñibilidade dos servizos provistos polo CPD ante posibles incidencias dos equipos e grupos de servidores que dan soporte aos diferentes sistemas de información municipais, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/10/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 21/10/2025.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 09/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 10/03/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 11/03/2026.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 10/03/2026 asinado polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 11/03/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade do 12/03/2026.
- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 12/03/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 14 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 12/03/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **64.041,10 €**, que inclúe un IVE de 11.114,57 €, dende o 1 de abril de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	MANTEMENTO HARDWARE E SISTEMAS DE ALMACENAMENTO	9207.2279900	52.926,52	11.114,57	64.041,10
Total			52.926,52	11.114,57	64.041,10

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **20.958,90 €**, que inclúe un IVE de 3.637,50 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	MANTEMENTO HARDWARE E DE SISTEMAS ALMACENAMENTO	9207.2279900	17.321,41	3.637,50	20.958,90
Total			17.321,41	3.637,50	20.958,90

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(248).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO". EXPTE. 2431/441

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada de data 30/03/2026, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 30 de marzo de 2026, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11. Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 15 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de muro de peche e contención no camiño Galindra – Castrelos, Vigo" (2431-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de muro de peche e contención no camiño Galindra – Castrelos, Vigo" (2431-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de "Rehabilitación de muro de peche e contención no camiño Galindra – Castrelos, Vigo" (2431-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 11 de decembro de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de xaneiro de 2026.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión do 22 de xaneiro de 2026, acordou admitir neste procedemento a REFORVIGO SL, previa emenda da documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Cuarto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 5 de marzo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de muro de peche e contención no camiño Galindra – Castrelos, Vigo" (2431-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	REFORVIGO SL	69,25 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 16 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REFORVIGO SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que neles conste sempre que se atope vixente”.

Esta resolución foi notificada a REFORVIGO, SL o 6 de marzo de 2026, que recibiu a notificación o mesmo día.

Durante o prazo concedido, que rematou o 23 de marzo, o licitador non presentou documentación ningunha.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2026 entendeu retirada a oferta ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, o único licitador presentado no procedemento non cumprimentou o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto, polo que ao abeiro do disposto no referido artigo enténdese que o licitador retirou a súa oferta.

Tendo en conta que neste procedemento só se presentou un único licitador, procede declarar deserta a licitación.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 17 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de “Rehabilitación de muro de peche e contención no camiño Galindra – Castrelos, Vigo” (2431-441) porque o único licitador presentado no procedemento non cumprimentou o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto, polo que ao abeiro do disposto no referido artigo enténdese que o licitador retirou a súa oferta.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

7(249).- MODIFICACIÓN DO LOTE III DO CONTRATO DO SERVIZO DO “PROGRAMA DE AVELLAMENTAMENTO ACTIVO: VIGO CIDADE AMIGA DOS MAIORES”. EXPTE. 291058/301

Visto o informe de fiscalización do 30/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola Titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos do programa de avellentamento activo (PCAP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 18 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos do programa de avellentamento activo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento aberto dos servizos do programa de avellentamento activo, a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 3 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) por un prezo máximo do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.080,00 euros e cunha porcentaxe de desconto do 15,40 % a aplicar ao prezo unitario (sen IVE) de prezo quilómetro previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

1.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 5 de abril de 2023 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de dous anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- En data 21 de marzo de 2025, a XGL acordou a primeira prórroga deste contrato (expediente 278396-301), do 6 de abril de 2025 ata o 5 de abril de 2026.

Quinto.- En data 27 de febreiro de 2026, a XGL acordou a segunda prórroga (expediente 291093-301), do 6 de abril de 2026 ata o 5 de abril de 2027.

Sexto.- O xefe da área de Benestar Social coa conformidade da concelleira de Política de Benestar Social, solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor do incremento do número de usuarios, en informe de data 9 de marzo de 2026.

Sétimo.- Con data 12 de marzo de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 13 de marzo do mesmo ano.

Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este presentou alegacións en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de marzo de 2026, manifestando a súa conformidade coa modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 19 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato perante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 20 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido a “necesidade de ampliación dos servizos prestados derivada do incremento do número de usuarios/as” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar “incremento do orzamento base de licitación” (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20 % do prezo do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de ampliación dos servizos por mor do incremento do número de usuarios. Informa ao respecto o xefe da área de Benestar Social, en data 2 de febreiro de 2026 o seguinte:

“II.3. A L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, constitúe o marco de referencia do sistema galego de Servizos sociais. O seu articulado recolle os obxectivos xerais deste sistema, entre os que figuran os de previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e de garantirles a vida independente e a autonomía persoal ás persoas en situación de dependencia.

O programa de avellentamento activo: “Vigo cidade amiga dos maiores” é un servizo que, con carácter voluntario, presta o Concello de Vigo coa finalidade de favorecer a promoción da autonomía persoal, a prevención da dependencia das persoas maiores, o fomento da socialización e as actividades de lecer.

II.4. Este programa, iniciado con unhas previsións, esta desbordado superando as expectativas iniciais polas numerosas solicitudes sen atender.

II.5. Neste sentido, no ano 2025 realizáronse 36 viaxes quedando sen atender moitas peticións de asociacións de maiores que terá prioridade no 2026. Debido a ampla difusión do programa e o interese que desperta as previsións que tiñamos quedaron desbordadas.

II.6. Así as cousas, resulta necesario para o Concello de Vigo modificar o actual contrato para asumir ese maior gasto representado polo aumento de viaxes e por tanto km

(...)

III. INCREMENTO DO PREZO DO CONTRATO – FINANCIAMENTO DO GASTO

III.1. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, con orzamento máximo (Disp. Adic. 33ª LCSP e Apdo. 3.L] FEC). Estas necesidades están suxeitas ás continuas demandas polo lo coñecemento das actividades o que unicamente permite facer unha estimación aproximada das mesmas.

III.2. En calquera caso, a estimación das necesidades actuais a maiores é a seguinte:

A previsión para o período entre o 06.04.2026 e o 05.04.2027 e que se necesitarán entre 10 e 15 viaxes mais (entre 300 e 400 km) polo que resulta necesario incrementar o contrato no máximo establecido no PCAP (20% do prezo do contrato).

Prezo do contrato IVE incluído 33.880€

20 %(33.880€)= 6.776€



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 21 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo en conta que o prezo de adxudicación foi de 1,43€/km para viaxes de 300-400Km poderán realizarse viaxes por un total de 4.738,46km, e dicir que poderán incrementarse entre 12 e 15 viaxes.

- Ano 2026 de 06.04.2026 a 31.12.2026 incrementáanse 5.082€

- Ano 2027 de 01.01.2027 a 05.04.2027 incrementáanse 1.694€

III.3. Polo tanto, propónse incrementar o vixente contrato de avellentamento activo “Vigo cidade amiga dos maiores” lote III en 6.776€ (aprox. 4.738,46km), o que supón un aumento do 20% do prezo do contrato (38.880€, IVE incl.), no límite do 20% que establece como máximo o PCAP.

III.4. O novo prezo do contrato para a segunda prórroga sería, pois, de 23.716 €. O incremento sería aplicable unicamente a segunda prórroga do contrato (06.04.2026 – 05.04.2027).

III.5. Todos eses incrementos de gasto financiaríanse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 – “Programa avellentamento activo”.

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- A modificación vén motivada polo incremento de demanda de actividades por parte dos usuarios do servizo.

Estamos ante un suposto de modificación prevista no PCAP.

- O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos en función das necesidades da administración -disposición adicional 33ª da LCSP- (apartado 3L das FEC), polo que o que se modifica é o orzamento máximo previsto, con afectación dos apartados 3A e 3E (anualidades). O método de cálculo do valor estimado (apartado 3D) xa contemplaba “*unha posible modificación do contrato do 20%*”.
- A modificación está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a “*necesidade de ampliación dos servizos prestados derivada do incremento do número de usuarios/as*” (apartado 15C).
- Supón un incremento do orzamento máximo do contrato. Esta modificación tradúcese nun incremento de 6.776 euros do orzamento máximo, que agora é de 40.656 euros. O incremento é dun 20%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é precisamente do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP que prevé que “*no caso de que, dentro da vixencia do contrato as necesidades reais fosen superiores ás inicialmente estimadas, deberá tramitarse a correspondente modificación. Para tales efectos, a documentación que rexe a licitación deberá prever a posibilidade de que o contrato poida ser modificado como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose para tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades*”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/04/2026 12:11

Páxina 22 de 211

2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026

CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros (33.880 euros), e se trata dunha modificación prevista no PCAP. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de 17 de marzo de 2026.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: favorecer a promoción da autonomía persoal, a prevención da dependencia das persoas maiores, o fomento da súa socialización e da súa participación en actividades de lecer. Este obxectivo está recollido no artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. De feito, o obxecto deste contrato é “o desenvolvemento das actividades do Programa de avellentamento activo da Concellería de Política de Benestar Social, que ten por finalidade a prestación dun conxunto de actividades, obradoiros e viaxes ás persoas maiores de 65 anos para favorecer a vida saudable, a prevención da dependencia e reducir a soidade e así facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual”.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 6.776 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 2310.226.09.02 – “Programa avellentamento activo”, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2026	5.082 €
ANO 2027	1.694 €
Total	6.776 €



Resultando o prezo total para a anualidade de 23.716 €. O incremento sería aplicable unicamente a segunda prórroga do contrato (06.04.2026 – 05.04.2027)

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 da LCSP que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. AUTOS GONZALEZ, S.L. constituíu garantía definitiva mediante transferencia a unha conta de titularidade municipal por importe de 1.540 euros e co número recibo 149 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 13 de febreiro de 2023. Tendo en conta que o apartado 9 C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 308 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais que requiren do previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral en virtude do disposto na disposición adicional 3ª da LCSP e dos artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 24 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o lote 3 do contrato dos servizos do programa de avellentamento activo, nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento máximo por mor do incremento do número de usuarios. Este incremento, de 6.776 euros (IVE incluído), aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 2310.226.09.02 – “Programa avellentamento activo”, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2026	5.082 €
ANO 2027	1.694 €
Total	6.776 €

Esta modificación representa un 20 % do prezo do contrato. O orzamento máximo do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 25 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contrato, tras a modificación é de 40.656 euros, e a anualidade restante, segunda prórroga, terá un importe de 23.716 euros.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(250).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS 2026”. EXPTE. 6547/330.

Visto o informe xurídico do 23/02/2026 e o informe de fiscalización do 26/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/02/2026, asinado polo xefe do Servizo Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 11 de febreiro do 2026, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo ” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do Programa “Vente con nós 2026”; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 100.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0023 do orzamento municipal vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 26 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, motivo polo que desenvolven dende hai varios anos o programa **VENTE CON NÓS** na cidade de Vigo que prevé un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias de termo municipal de Vigo no que participan grupos de música, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo co obxecto de potenciar difundir e apoiar o folclore galego, a música e o teatro.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2026:

ENCONTRO FOLCLÓRICO

O Encontro Folclórico é unha actividade que este 2026 chega á súa 22 edición e que se desenvolve en catro auditorios de centros culturais integrantes da Agrupación e na que se amosa o traballo artístico de 19 grupos de baile.

Data	Nº Grupos
Marzo	5
Abril	5
Setembro	5
Outubro	4

DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican o teatro na que participan nove grupos federados. O programa contempla a lectura do manifesto e actuacións especialmente preparadas para este feito.

Data	Nº Grupos
21/03/2026	9

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican a danza que celebramos, este 2026, o 25 de abril de 2026. O evento consiste na actuación de xeito simultáneo de 19 grupos de baile en seis ubicacións da cidade. No acto central, previo ó espectáculo procédese a lectura do manifestó polo Día da Danza tras un pequeno acto protocolario.



Data	Nº Grupos
25/04/2026	19

BAILE MODERNO

Festival que ten lugar en tres datas e en auditorios dos centros culturais federados. Neste festival participan un total de sete grupos de baile moderno de entidades integradas na Agrupación. Un ciclo de actuacións para outra das modalidades artísticas que entre os 7 grupos superan os 500 intérpretes e que enchen de público os auditorios cada tempada.

Data	Nº Grupos
Maio	2
Xuño	3
Xuño	2

CERTAME DE TEATRO

Mostraxe de teatro que ten lugar nos auditorios dos centros culturais e no que participan este 2026, nove grupos de teatro que forman parte da Agrupación. Un certame que suma xa 16 anos desde a súa posta en marcha e que constitúe o único circuito de teatro afeccionado que se desenvolve na rede de auditorios dos centros culturais de Vigo.

Data	Nº Grupos
03/10/2026	1
05/10/2026	1
10/10/2026	1
11/10/2026	1
17/10/2026	1
18/10/2026	1
24/10/2026	1
25/10/2026	1
31/10/2026	1

VENTE CON NÓS - BAILE

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos de baile integrados na Agrupación, que comeza este ano á súa vixésimo segunda edición. Este circuito está aberto a solicitude dos





CONCELLO DE VIGO

colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

Total actuacións a distribuír: 19

VENTE CON NÓS – MÚSICA

Total actuacións a distribuír: 8

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos musicais integrados na Agrupación que está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 130.365 € (cento trinta mil trescentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 100.000 €
- Fondos Propios: 30.365 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o día 20.02.2026 (doc.260040017)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con nós 2026”, obxecto do convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 29 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratégico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 18.000 €; Neste exercicio 2026 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.480.00.23, un importe, segundo a proposta, de 100.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acréditase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor da Agrupación de Centros Culturais e Deportivos de Vigo para o programa Vente con Nós, pasando dos 18.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 100.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o desenvolvemento do programa “Vente con nós”

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 30 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do Programa Vente con nós 2026, figurando na aplicación 3340.480.0023 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e mailo concelleiro-delegado da Área de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 31 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 100.000 € (cen mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF. G-36791291, para a organización do Programa Vente con Nós 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.0023 AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, VENTE CON NÓS que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos de Culturais de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Programa “Vente con nós”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS 2026”

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, Dona Estrella Graña Álvarez, DNI 35.977.539-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos segundo nomeamento en acta da assemblea da Federación do 22 de decembro do 2025, e resolución de inscrición de Xunta Directiva na Xunta de Galicia o 4 de febreiro do 2026.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

1.- Que a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI DE VIGO é unha entidade de sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 32 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

*aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, motivo polo que desenvolven dende hai varios anos o programa **VENTE CON NÓS** na cidade de Vigo que prevé un circuito de actuacións polos barrios e parroquias de termo municipal de Vigo no que participan grupos de música, teatro, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo co obxecto de potenciar difundir e apoiar o folclore galego e o teatro*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa colaborar economicamente na execución da programación da **"AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO"**, como medio que é de promover as actividades lúdicas na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.0023, como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, VENTE CON NÓS** a cantidade de 100.000 euros.*

*IV.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa Vente con nós 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 130.365 € (cento trinta mil trescentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 100.000 €
- Fondos Propios: 30.365 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 33 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Neste programa participarán grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto e realizaranse as seguintes actividades:

ENCONTRO FOLCLÓRICO

O Encontro Folclórico é unha actividade que este 2026 chega á súa 22 edición e que se desenvolve en catro auditorios de centros culturais integrantes da Agrupación e na que se amosa o traballo artístico de 19 grupos de baile.

Data	Nº Grupos
Marzo	5
Abril	5
Setembro	5
Outubro	4

DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican o teatro na que participan nove grupos federados. O programa contempla a lectura do manifesto e actuacións especialmente preparadas para este feito.

Data	Nº Grupos
21/03/2026	9

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

Actividade integrada nos actos internacionais que reivindican a danza que celebramos, este 2026, o 25 de abril de 2026. O evento consiste na actuación de xeito simultáneo de 19 grupos de baile en seis ubicacións da cidade. No acto central, previo ó espectáculo procédese a lectura do manifesto polo Día da Danza tras un pequeno acto protocolario.

Data	Nº Grupos
25/04/2026	19

BAILE MODERNO

Festival que ten lugar en tres datas e en auditorios dos centros culturais federados. Neste festival participan un total de sete grupos de baile moderno de entidades integradas na Agrupación. Un





CONCELLO DE VIGO

ciclo de actuacións para outra das modalidades artísticas que entre os 7 grupos superan os 500 intérpretes e que enchen de público os auditorios cada tempada.

Data	Nº Grupos
Maio	2
Xuño	3
Xuño	2

CERTAME DE TEATRO

Mostraxe de teatro que ten lugar nos auditorios dos centros culturais e no que participan este 2026, nove grupos de teatro que forman parte da Agrupación. Un certame que suma xa 16 anos desde a súa posta en marcha e que constitúe o único circuito de teatro afeccionado que se desenvolve na rede de auditorios dos centros culturais de Vigo.

Data	Nº Grupos
03/10/2026	1
05/10/2026	1
10/10/2026	1
11/10/2026	1
17/10/2026	1
18/10/2026	1
24/10/2026	1
25/10/2026	1
31/10/2026	1

VENTE CON NÓS - BAILE

Circuito de actuacións dos grupos folclóricos de baile integrados na Agrupación, que comeza este ano á súa vixésimo segunda edición. Este circuito está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

Total actuacións a distribuír: 19

VENTE CON NÓS – MÚSICA

Total actuacións a distribuír: 8



Circuito de actuacións dos grupos folclóricos musicais integrados na Agrupación que está aberto a solicitude dos colectivos culturais e veciñais de Vigo, no prazo que se especifique nas bases. Se priorizará acadar a maior distribución xeográfica e número de colectivos beneficiarios.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Estrella Graña Álvarez, presidenta da entidade.

2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar e acadar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos espazos públicos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas e instalación de elementos.

3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8)Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplica-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 36 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

ción dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 52 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 53 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 54 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar este convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 55 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2026

Orzamento Feiras do libro novo e antigo no Concello de Vigo	
Gastos	
Persoal apoio feiras	1.000,00 €
Materiais e montaxes (Aluguer e montaxe de casetas e suministros precisos para o correcto funcionamento das casetas)	20.000,00 €
Vixilancia e seguridade	2.500,00 €
Actividades e pregoeiros (gastos para diferentes tipos de actividades durante ás feiras)	4.000,00 €
Gastos de xestión (persoal estrutura)	2.500,00 €
	30.000,00 €
Ingresos	
Concello de Vigo	15.000,00 €
Xunta de Galicia	11.500,00 €
Fondos propios	3.500,00 €
	30.000,00 €





CONCELLO DE VIGO

10(252).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE 8018/611.

Visto o informe xurídico do 20/03/2026 e o informe de fiscalización do 24/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/02/2026, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes e polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. Antecedentes

A) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26.01.2023, aprobou o expediente para a **“CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 5280/611”** (trámite núm. 103 do expediente 5280-611)..

B) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 5.05.2023 adoptou o seguinte acordo (trámite núm. 252 do expediente 5280-611):

“Adxudicar a INTEGRMA MANTENIMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. (B27715879) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 3.132.471,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 543.652,09 euros.*
- b) *Propón unha porcentaxe de desconto do 15,67% a aplicar ao prezo unitario da hora ordinaria recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) *Propón unha porcentaxe de desconto do 16,28% a aplicar ao prezo unitario da hora nocturna recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- d) *Propón unha porcentaxe de desconto do 14,30% a aplicar ao prezo unitario da hora festiva recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

C) Con data 1.06.2023, procédese á sinatura do contrato coa mercantil INTEGRMA MANTENIMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, SL (B27715879) para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 5.06.2023, inclusive, cunha duración ata o 4.02.2025, inclusive, contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (trámite núm. 293 do expediente 5280-611).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 57 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

D) A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 1.08.2025, aprobou a **“MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 7495/611”** (trámite núm. 41 do expte 7495-611), que ten o seguinte teor literal:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611), segundo o solicitado polo adxunto (responsable do contrato) e o xefe do Servizo de Deportes, mediante informe do 26 de xuño 2025, conformado polo concelleiro delegado de Deportes.

Trátase dunha modificación prevista que consiste na ampliación das dependencias do obxecto do contrato recollidas no punto 2 do PPTP para a incorporación da instalación de Samil.

Supón un incremento do orzamento máximo de 131.564,46 euros (IVE incluído) con afectación dos apartados 3A, 3B e 3C do Anexo I -FEC- do PCAP (ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN e ANUALIDADES CON IVE, respectivamente) e do punto 2 do PPT (DEPENDENCIAS OBXECTO DO CONTRATO).

Esta modificación representa un 4,20%, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 15%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

2º.- O importe da modificación aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3420.227.99.18 “Apertura e peche instalacións extrarradio”, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2025 (11/08/2025-31/12/2025)	62.853,96
2026 (1/01/2026-04/06/2026)	68.710,49
Total	131.564,46

3º.- Unha vez aprobada a modificación, o contratista, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva por importe de 5.436,55 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 58 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

6º.- Comunicar ao Consello de Contas.”

E) Con data 8.08.2025, procédese á sinatura do contrato coa mercantil *INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, SL (B27715879)* para a prestación da modificación do servizo, consistente na ampliación das dependencias do obxecto do contrato recollidas no punto 2 do PPTP para a incorporación da instalación de Samil (trámite núm. 60 do expte 7495-611).

F) Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 4.02.2026 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 4.02.2026 (trámites núms. 5 e seguintes do expediente 8018-611).

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 59 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos deportivos previstos nas diferentes instalacións deportivas, cuxos SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, son o obxecto deste contrato.

4. Prezo do contrato:

A prezo total máximo do contrato é de 3.264.036,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 566.485,59 euros. A este respecto, cómpre ter en conta que este importe inclúe a modificación do contrato aprobada o 1.08.2025, que supuxo un importe total de 131.564,46 e, que se corresponde cun incremento de 10.328 horas, para o período comprendido entre o 11 de agosto de 2025 e o 04.06.2026, que supón unha porcentaxe de incremento do 4,20 % para un período de 9 meses e 25 días (trámite núm. 15 do expte 7495-611).

5. Prezo para o período desta primeira prórroga:

De acordo coa modificación do contrato realizada, o importe máximo para o período da prórroga proposta suporía un importe total máximo, con IVE, de 1.088.012 € (incremento do 4.20 %).

Sin embargo, á vista do gasto imputado ao contrato, a partir da modificación contractual aprobada, para o período correspondente á prórroga proposta, non se considera necesario incrementar o crédito, tendo en conta o gasto do ano 2025, polo que o crédito necesario para o período desta primeira prórroga sería de 1.044.157,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 181.217,36 euros.

6. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3420.2279918 “Apertura e peche instalacións”, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2026 (do 5.06.26 ao 31.12.26)	3420.2279918 “apertura e peche instalac.”	600.747,00 €
2027 (do 1.01.27 ai 04.06.27)	3420.2279918 “apertura e peche instalac.”	443.410,18 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 4 de xuño de 2026, conséntase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente de contratación dos “SERVICIOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 60 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. **Aprobar a primeira (1ª) prórroga** do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, dos “**SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**”, para o período comprendido entre o 5.06.2026 e o 4.06.2027, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da empresa **INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. (B27715879)**.
2. **Aprobar o gasto de 1.044.157,18 €, IVE incluído**, que representa esta primeira (1ª) prórroga anual a favor de **INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, SL. (B27715879)**, con cargo a aplicación orzamentaria 3420.2279918 “*apertura e peche instalac.*”, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2026 (do 5.06.26 ao 31.12.26)	3420.2279918 “ <i>apertura e peche instalac.</i> ”	600.747,00 €
2027 (do 1.01.27 ai 04.06.27)	3420.2279918 “ <i>apertura e peche instalac.</i> ”	443.410,18 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 61 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11(253).- ESTABLECEMENTO E APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE PERSOAS VIAXEIRAS (63). EXPTE. 3302/500.

Visto o informe de fiscalización do 27/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/03/2026 asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Área de Fomento, Servizos e Deportes do Concello está a tramitar o expediente para a contratación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo (expediente 4537-449). A modalidade contractual proposta é a de contrato de servizos con prestacións directas a favor da cidadanía, regulada no artigo 312 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

II.- En data 4 de xullo do 2025, o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, solicitou á Concellería de Área de Orzamentos e Facenda que se inicien os trámites para a aprobación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as.

III.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2025 acordou *“Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo”*.

IV.- Dando curso á solicitude do Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, en data 13 de agosto de 2025 o Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente para a APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS/AS (63).

V.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22 de agosto do 2025, acordou: *“Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (63)”, a través de enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I do presente acordo”*.

VI.- Durante o período de consulta pública (do 25/08/2025 ata o 22/09/2025) para a presentación de opinións da cidadanía, organizacións e asociacións, non se presentou ningunha reclamación nin suxestión, como consta no Certificado da Secretaría do Goberno Local do 24/09/2025 incorporado ao expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 62 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (Lei 5/1997)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 9/2025, de 3 de decembro, de mobilidade sostible
- Regulamento regulador do servizo, aprobado por Acordo plenario en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2019 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeira.- O servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as é un servizo de competencia municipal, como dispoñen os artigos 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL) e 80.1.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, Lei 5/1997) e de prestación obrigatoria para os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, de acordo co disposto nos artigos 26.1.d) da citada LRBRL e 81.d) da Lei 5/1997.

Segunda.- A natureza da contraprestación a satisfacer polas persoas usuarias do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as coa modalidade prevista para o novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo (expediente 4537-449 en tramitación), como contrato de servizos con prestacións directas en favor da cidadanía regulado no artigo 312 da LCSP, é a de prestación patrimonial de carácter público non tributario. Como ten declarado a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, entre outros, no seu informe 53/18: *“Sin duda, este contrato puede calificarse como un modo de gestión indirecta de un servicio público”*, aclarando que *“en los contratos de servicios que conlleven prestaciones directas a favor de la ciudadanía las tarifas o prestaciones que deben satisfacer los usuarios al prestador de los servicios tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario cuando se exijan coactivamente”*. O requisito da coactividade, no sentido do artigo 2.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, cúmprese no caso do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as por non ser prestado ou realizado polo sector privado.

En consecuencia, resulta de aplicación o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que dispón que:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 63 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de Dereito privado.

Sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei de Contratos do Sector Público, as contraprestacións económicas a que se refire este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante o procedemento de aprobación de dita ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribuíra algunha facultade de intervención sobre as mesmas”.

Terceira.- Este artigo 20.6 do TRLRFL establece a necesidade de que a regulación das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario se realice mediante ordenanza.

O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da LPACAP recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

En aplicación da anterior normativa, realizouse o trámite de consulta pública previsto no artigo 133.1 da LPACAP entre o 25/08/2025 e o 22/09/2025 para a presentación de opinións da cidadanía, organizacións e asociacións, sen que fose presentada ningunha reclamación nin suxestión neste trámite, como consta no Certificado da Secretaría do Goberno Local do 24/09/2025 incorporado ao expediente.

Cuarta.- O texto que se propón para aprobación consta dun Preámbulo, dun articulado integrado por seis preceptos, dunha Disposición Transitoria, dunha Disposición Final e dun Anexo.

En relación coa regulación dos aspectos substantivos das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as, o texto normativo proposto regula o obxecto da contraprestación no seu artigo 2, as persoas obrigadas ao pagamento no seu artigo 3, a revisión de actos, infraccións e sancións no seu artigo 5, así como as normas de xestión no seu artigo 6.

No tocante á determinación do réxime tarifario, o artigo 4 establece a seguinte regulación:

- determina no apartado 1 unha tarifa teórica de equilibrio económico do servizo, que ten a consideración de tarifa íntegra por importe de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE).

Esta tarifa teórica de equilibrio é o importe do billete co cal se acadaría o pleno financiamento do servizo cos ingresos da tarifa, tal e como establece o informe técnico-económico incorporado ao expediente. Esta tarifa non será de aplicación ás persoas usuarias do servizo, segundo o previsto no apartado 2.

- no apartado 2 fixa unha tarifa bonificada, por importe de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE), tarifa que será de aplicación ás persoas usuarias do servizo. O Concello asumirá a diferenza entre a tarifa íntegra (do artigo 4.1) e a tarifa bonificada (artigo 4.2).

- o apartado 3 habilita á Xunta de Goberno Local para a aplicación de descontos ou subvencións e/ou o establecemento de abonos multiviaxe, para o conxunto das persoas usuarias ou para determinados colectivos ou situacións, tendo en conta as dispoñibilidades



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 64 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

orxamentarias e as axudas recibidas doutras Administracións e entidades públicas e privadas. A Xunta de Goberno Local determinará a súa contía, condicións e ámbito temporal, ao ser o órgano competente para o desenvolvemento da xestión económica, de conformidade co disposto no artigo 127.1.g) da LRBRL.

Estes acordos que poderá adoptar a Xunta de Goberno Local terán por obxecto instrumentar a aplicación dos fondos dispoñibles ao servizo e os seus efectos sobre o importe das prestacións de carácter público non tributario a percibir das persoas usuarias.

- o apartado 4 regula as tarifas para o autobús turístico-cultural, establecendo o billete para persoas usuarias adultas e o billete infantil, para persoas entre 4 e 14 anos.

- o apartado 5 establece a gratuidade das persoas menores de catro anos, nas condicións establecidas no Regulamento regulador do servizo (aprobado por Acordo plenario de 27 de novembro de 2019, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 do 6 de febreiro de 2020).

A Disposición Transitoria establece a vixencia para o 2026 dos importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 30/12/2025, que se reproducen no Anexo da Ordenanza ou aqueles aprobados en acordo da Xunta de Goberno Local posterior que o substitúa.

A Disposición Final fixa a entrada en vigor da ordenanza ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o comezo da súa aplicación na data de inicio da execución do novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras no termo municipal de Vigo (expediente 4537-449), actualmente en tramitación.

Quinta.- No tocante á repercusión orxamentaria, de conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar que os efectos económicos para o servizo están previstos no orzamento do ano 2026, aprobado por acordo plenario do 23 de decembro de 2025 na partida 4411/47, polo que o texto normativo proposto non provoca impacto orxamentario.

Sexta.- En canto ao procedemento de elaboración e aprobación da presente ordenanza, procede súa a tramitación segundo o disposto nos artigos 49, 70.2 e concordantes da LRBRL.

Sétima.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que fórmase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Acordar o establecemento de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras.

Segundo.- Aprobar o seguinte Proxecto de “Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras (63)”.

ORDENANZA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 65 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PREÁMBULO

A natureza da contraprestación a satisfacer polas persoas usuarias do servizo, coa modalidade prevista para o novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras como contrato de servizos con prestacións directas en favor da cidadanía-regulado no artigo 312 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público- é a de prestación patrimonial de carácter público non tributario.

Así, o Pleno do Excmo. Concello, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2025, acordou “Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo”.

En consecuencia, resulta de aplicación o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que determina a necesidade de que o Concello aprobe unha ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

A presente ordenanza define unha tarifa íntegra de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE), equivalente ao custo do servizo por viaxe, calculado no Informe Técnico-Económico que consta no expediente de aprobación da ordenanza, é dicir, equivalente á tarifa teórica para o equilibrio económico do servizo. Este importe non resultará de aplicación ás persoas usuarias do servizo ao establecer o artigo 4.2 un billete ordinario máximo (tarifa aplicable) de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE).

A ordenanza tamén fixa as tarifas do autobús turístico-cultural.

A Lei 9/2025, de 3 de decembro, de mobilidade sostible establece o marco no cal as Administracións Públicas teñen a obriga de fomentar no seu ámbito competencial a mobilidade sostible da cidadanía. Neste sentido, o Concello de Vigo ven asumindo nos últimos anos un crecente peso no financiamento do servizo do transporte público urbano.

Neste contexto, o artigo 4.3 da Ordenanza habilita á Xunta de Goberno Local a aprobar a aplicación de descontos ou subvencións, en función das dispoñibilidades orzamentarias. Esta habilitación outorga ao Concello a flexibilidade necesaria para poder acollerse a convocatorias análogas ás aprobadas polo Real Decreto-lei 17/2025, de 23 decembro, condicionadas á aplicación de descontos no ano 2026. No caso de Vigo, estes descontos foron aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo establece e regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de transporte público urbano colectivo de persoas viaxeiras en autobús.

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario a prestación do servizo de transporte público urbano colectivo de persoas viaxeiras en autobús, prestado polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, nos termos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 66 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

establecidos no Regulamento regulador do servizo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020), así como o uso do servizo de autobús turístico cultural.

ARTIGO 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO.

Son obrigadas ao pagamento as persoas usuarias do servizo.

ARTIGO 4. TARIFAS.

1. A tarifa teórica para o equilibrio económico do servizo, que ten a consideración de tarifa íntegra, é de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE). Esta tarifa non será de aplicación ás persoas usuarias do servizo, segundo o previsto no apartado seguinte.

2. Será de aplicación ás persoas usuarias do servizo a tarifa ordinaria (billete máximo) de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE), que ten a consideración de tarifa bonificada. A diferenza entre a tarifa íntegra e a bonificada será asumida polo Concello.

3. Sen prexuízo da tarifa establecida no apartado anterior, a Xunta de Goberno Local poderá aprobar a aplicación de descontos ou subvencións e/ou o establecemento de abonos multiviaxe, para o conxunto das persoas usuarias ou para determinados colectivos ou situacións, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e as axudas recibidas doutras Administracións e entidades públicas ou privadas. A Xunta de Goberno determinará a súa contía, condicións e ámbito temporal.

4. As tarifas para o autobús turístico-cultural son as seguintes:

PERFIL DE USUARIO/A	TARIFA SEN IVE	TARIFA CON IVE
Billete persoa adulta	9,09€	10,00€
Billete infantil (persoas entre 4 e 14 anos)	4,55€	5,00€

5. As persoas menores de catro anos viaxarán de forma gratuíta nas condicións establecidas no Regulamento regulador do servizo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020).

ARTIGO 5. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a data de notificación do acto.

Para a cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

Corresponderán á entidade adjudicataria do servizo as operacións materiais da xestión do ingreso, de conformidade co previsto na documentación que rexe o contrato do servizo e de acordo co Regulamento regulador do servizo aprobado por Acordo plenario en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2019 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 67 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o ano 2026 aplicaranse os importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025, cuxo punto Segundo se reproduce no Anexo da presente Ordenanza, ou os fixados en acordo posterior que o substitúa.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenza a aplicarse á data de inicio da execución do novo contrato do servizo do transporte urbano de persoas viaxeiras no termo municipal de Vigo, expediente 4537-449.

ANEXO

Durante o ano 2026 aplicaranse os importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025, cuxo punto Segundo se reproduce a continuación:

“SEGUNDO.- Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 17/2025 de 23 de decembro, de medidas de promoción do uso do transporte público mediante a bonificación de abonos e títulos multiviaxe, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período 1 de xaneiro de 2026 o 31 de decembro de 2026, de acordo cos seguintes apartados:

a) Gratuidade para a poboación infantil até os catorce anos. Dirixida os titulares da tarxeta multiviaxe PASSVIGO en calquera dos perfis actuais, que no momento do uso teñan menos de 15 anos.

b) Redución do prezo dos títulos multiviaxe sobre o prezo habitual para o período indicado, excluídos o billete de ida e volta e os títulos turísticos o de calquera natureza similar, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nun porcentaxe mínimo de:

b.1.- títulos multiviaxe joven. 50 % de desconto. Será de aplicación os usos das tarxeta multiviaxe dos perfis; “estudante” e “universitario” que no momento do uso teñan idades comprendidas entre os 15 anos e os 30 anos.

b.2.- Resto de títulos multiviaxe Tarxeta PASSVIGO. 40 % de desconto sobre o prezo (20 % + 20 % a cargo do Concello de Vigo). Será de aplicación para os titulares das Tarxetas PASSVIGO dos perfis “normal”, “estudante”, “universitario” e “social”, que no momento do uso non se atopen comprendidos nos casos anteriores.

Correspondendo o seguinte cadro de prezos das tarifas da tarxeta PASSVIGO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 68 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Denominación título o abono	Clasificación grupo_edad	Pago	Edad_mínima (incluida)	Edad_máxima (incluida)	Importe billete	Bonif PASSVIGO		Bonificación Estado			
						Bonif	Importe		Estado	Concello	Importe
Tarjeta PASSVIGO NORMAL	perfil infantil	PassVigo	4	14	1,63 €	0,51 €	1,12 €	100%	1,12 €	- €	- €
	Normal	PassVigo	15					20%+20%	0,225 €	0,225 €	0,67 €
Tarjeta PASSVIGO ESTUDIANTE	Perfil infantil	PassVigo	4	14	1,63 €	0,55 €	1,08 €	100%	1,08 €	- €	- €
	Perfil xoven	PassVigo	15	30				50%	0,54 €	- €	0,54 €
	resto	PassVigo	31					20%+20%	0,215 €	0,215 €	0,65 €
Tarjeta PASSVIGO UNIVERSITARIO	Perfil xoven	PassVigo	15	30	1,63 €	0,78 €	0,85 €	50%	0,42 €	- €	0,43 €
	resto	PassVigo	31					20%+20%	0,17 €	0,17 €	0,51 €
Tarjeta PASSVIGO SOCIAL		PassVigo	15		1,63 €	0,71 €	0,92 €	20%+20%	0,185 €	0,185 €	0,55 €
Tarjeta PASSVIGO PENSIONISTA I		PassVigo			1,63 €	1,63 €	- €		- €	- €	- €
Tarjeta PASSVIGO PENSIONISTA II		PassVigo			1,63 €	1,63 €	- €		- €	- €	- €

Terceiro.- Propoñer ao Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

- 1º) Acordar o establecemento de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras.
- 2º) Aprobar inicialmente a “Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras (63)”:

PREÁMBULO

A natureza da contraprestación a satisfacer polas persoas usuarias do servizo, coa modalidade prevista para o novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras como contrato de servizos con prestacións directas en favor da cidadanía- regulado no artigo 312 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público- é a de prestación patrimonial de carácter público non tributario.

Así, o Pleno do Excmo. Concello, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2025, acordou “Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 69 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En consecuencia, resulta de aplicación o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que determina a necesidade de que o Concello aprobe unha ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

A presente ordenanza define unha tarifa íntegra de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE), equivalente ao custo do servizo por viaxe, calculado no Informe Técnico-Económico que consta no expediente de aprobación da ordenanza, é dicir, equivalente á tarifa teórica para o equilibrio económico do servizo. Este importe non resultará de aplicación ás persoas usuarias do servizo ao establecer o artigo 4.2 un billete ordinario máximo (tarifa aplicable) de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE).

A ordenanza tamén fixa as tarifas do autobús turístico-cultural.

A Lei 9/2025, de 3 de decembro, de mobilidade sostible establece o marco no cal as Administracións Públicas teñen a obriga de fomentar no seu ámbito competencial a mobilidade sostible da cidadanía. Neste sentido, o Concello de Vigo ven asumindo nos últimos anos un crecente peso no financiamento do servizo do transporte público urbano.

Neste contexto, o artigo 4.3 da Ordenanza habilita á Xunta de Goberno Local a aprobar a aplicación de descontos ou subvencións, en función das dispoñibilidades orzamentarias. Esta habilitación outorga ao Concello a flexibilidade necesaria para poder acollerse a convocatorias análogas ás aprobadas polo Real Decreto-lei 17/2025, de 23 decembro, condicionadas á aplicación de descontos no ano 2026. No caso de Vigo, estes descontos foron aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 2 e 20.6 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo establece e regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de transporte público urbano colectivo de persoas viaxeiras en autobús.

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario a prestación do servizo de transporte público urbano colectivo de persoas viaxeiras en autobús, prestado polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, nos termos establecidos no Regulamento regulador do servizo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020), así como o uso do servizo de autobús turístico cultural.

ARTIGO 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO.

Son obrigadas ao pagamento as persoas usuarias do servizo.

ARTIGO 4. TARIFAS.

1. A tarifa teórica para o equilibrio económico do servizo, que ten a consideración de tarifa íntegra, é de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE). Esta tarifa non será de aplicación ás persoas usuarias do servizo, segundo o previsto no apartado seguinte.

2. Será de aplicación ás persoas usuarias do servizo a tarifa ordinaria (billete máximo) de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE), que ten a consideración de tarifa bonificada. A diferenza entre a tarifa íntegra e a bonificada será asumida polo Concello.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 70 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

3. Sen prexuízo da tarifa establecida no apartado anterior, a Xunta de Goberno Local poderá aprobar a aplicación de descontos ou subvencións e/ou o establecemento de abonos multiviaxe, para o conxunto das persoas usuarias ou para determinados colectivos ou situacións, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e as axudas recibidas doutras Administracións e entidades públicas ou privadas. A Xunta de Goberno determinará a súa contía, condicións e ámbito temporal.

4. As tarifas para o autobús turístico-cultural son as seguintes:

PERFIL DE USUARIO/A	TARIFA SEN IVE	TARIFA CON IVE
Billete persoa adulta	9,09€	10,00€
Billete infantil (persoas entre 4 e 14 anos)	4,55€	5,00€

5. As persoas menores de catro anos viaxarán de forma gratuíta nas condicións establecidas no Regulamento regulador do servizo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020).

ARTIGO 5. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a data de notificación do acto.

Para a cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

Corresponderán á entidade adxudicataria do servizo as operacións materiais da xestión do ingreso, de conformidade co previsto na documentación que rexe o contrato do servizo e de acordo co Regulamento regulador do servizo aprobado por Acordo plenario en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2019 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o ano 2026 aplicaranse os importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025, cuxo punto Segundo se reproduce no Anexo da presente Ordenanza, ou os fixados en acordo posterior que o substitúa.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse á data de inicio da execución do novo contrato do servizo do transporte urbano de persoas viaxeiras no termo municipal de Vigo, expediente 4537-449.

ANEXO

Durante o ano 2026 aplicaranse os importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025, cuxo punto Segundo se reproduce a continuación:

“**SEGUNDO.**- Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 17/2025 de 23 de decembro, de medidas de promoción do uso do transporte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 71 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

público mediante a bonificación de abonos e títulos multivía, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período 1 de xaneiro de 2026 o 31 de decembro de 2026, de acordo cos seguintes apartados:

a) Gratuidade para a poboación infantil até os catorce anos. Dirixida os titulares da tarxeta multivía PASSVIGO en calquera dos perfis actuais, que no momento do uso teñan menos de 15 anos.

b) Redución do prezo dos títulos multivía sobre o prezo habitual para o período indicado, excluídos o billete de ida e volta e os títulos turísticos o de calquera natureza similar, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nun porcentaxe mínimo de:

b.1.- títulos multivía joven. 50 % de desconto. Será de aplicación os usos das tarxeta multivía dos perfis; “estudante” e “universitario” que no momento do uso teñan idades comprendidas entre os 15 anos e os 30 anos.

b.2.- Resto de títulos multivía Tarxeta PASSVIGO. 40 % de desconto sobre o prezo (20 % + 20 % a cargo do Concello de Vigo). Será de aplicación para os titulares das Tarxetas PASSVIGO dos perfis “normal”, “estudante”, “universitario” e “social”, que no momento do uso non se atopen comprendidos nos casos anteriores.

Correspondendo o seguinte cadro de prezos das tarifas da tarxeta PASSVIGO

Denominación título o abono	Clasificación grupo_edad	Pago	Edad_mínima (incluída)	Edad_máxima (incluída)	Importe billete	Bonf PASSVIGO		Bonificación Estado			
						Bonf	Importe		Estado	Concello	Importe
Tarjeta PASSVIGO NORMAL	perfil infantil	PassVigo	4	14	1,63 €	0,51 €	1,12 €	100%	1,12 €	- €	- €
	Normal	PassVigo	15	20%+20%				0,225 €	0,225 €	0,67 €	
Tarjeta PASSVIGO ESTUDIANTE	Perfil infantil	PassVigo	4	14	1,63 €	0,55 €	1,08 €	100%	1,08 €	- €	- €
	Perfil xoven	PassVigo	15	30				50%	0,54 €	- €	0,54 €
	resto	PassVigo	31	20%+20%				0,215 €	0,215 €	0,65 €	
Tarjeta PASSVIGO UNIVERSITARIO	Perfil xoven	PassVigo	15	30	1,63 €	0,78 €	0,85 €	50%	0,42 €	- €	0,43 €
	resto	PassVigo	31	20%+20%				0,17 €	0,17 €	0,51 €	
Tarjeta PASSVIGO SOCIAL		PassVigo	15		1,63 €	0,71 €	0,92 €	20%+20%	0,185 €	0,185 €	0,55 €
Tarjeta PASSVIGO PENSIONISTA I		PassVigo			1,63 €	1,63 €	- €		- €	- €	- €
Tarjeta PASSVIGO PENSIONISTA II		PassVigo			1,63 €	1,63 €	- €		- €	- €	- €





CONCELLO DE VIGO

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro do Concello e prensa local para a presentación de reclamacións e suxestións.

4º) Remitir o presente acordo á Comisión de Prezos da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Comercio) para a emisión do informe previsto no artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicárase o texto da ordenanza no BOP para a súa entrada en vigor.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(254).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL PARA ESCOLARES “VISITA O TEU CONCELLO”. EXPTE. 99669/332

Visto o informe xurídico do 24/03/2026 e o informe de fiscalización do 25/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de febreiro de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 13/02/2026.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente Educación e Normalización Lingüística de data 13/02/2026 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada polo técnico medio de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente Educación e Normalización Lingüística e de Orzamentos e Facenda, de data 13/02/2026.
- Documentos contables RC 1202600013179 e RCFUT 120260013181 de data 17/02/2026 por importes de 8.000,00 e 72.000,00 euros respectivamente.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e Anexo, de data 09/03/2026, redactado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Educación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 73 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración dos redactores do PPT, de data 09/03/2026.
- Memoria xustificativa, asinada polo técnico medio de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente Educación e Normalización Lingüística o 13/03/2026.
- Informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 16/03/2026, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16/03/2026, redactado pola xefa da Area de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”, que o Concello de Vigo oferta aos centros de ensino da cidade en cada curso lectivo escolar; que implica achegar á comunidade educativa un dos equipamentos institucionais e de xestión administrativa máis salientable da cidade, mediante a realización de visitas didácticas guiadas para escolares á Casa do Concello, e a contratación da prestación dos servizos de monitoraxe, comunicación e elaboración de materiais didácticos do programa municipal “Visita o teu Concello”; todo iso coa finalidade de coñecer directamente as funcións, competencias e loxística organizativa municipal do Concello de Vigo

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 20.000,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9915 (Programas educativos).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/03/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 16/03/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 74 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 80.000,00 euros (66.115,70 euros máis 13.884,30 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9909 (Programas educativos), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 8.000,00 euros correspondentes ao ano 2026;
- 20.000,00 euros correspondentes ao ano 2027;
- 20.000,00 euros correspondentes ao ano 2028;
- 20.000,00 euros correspondentes ao ano 2029;
- e 12.000,00 euros correspondentes ao ano 2030.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(255).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS 2026”: 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 99632/332

Sométese a aprobación o informe-proposta do 25/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 13 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno Local aprobou as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa - VIGO EN INGLÉS 2026.

2.- A información da presente convocatoria, así como o período do prazo de presentación de solicitudes, publicouse nas páxinas web do programa (<https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>), e coa remisión do soporte documental divulgativo do programa aos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos. Publicándose o anuncio da convocatoria no xornal “Faro de Vigo” en data 20/02/2026.

3.- En data 03/03/2026 dona Yolanda Rodríguez Caride interpón recurso de reposición (doc 260050468) contra o acordo da XGL sobre aprobación das Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa - VIGO EN INGLÉS 2026 .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 75 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, que manifesta o seguinte:

- Que o seu fillo reúne todos os requisitos establecidos excepto o de estar empadroado no Concello dende xaneiro de 2025. Que o requisito de empadramento pode ser unha discriminación indirecta ou unha vulneración do principio de igualdade. Que o tempo de empadramento non ven determinado por unha xustificación obxectiva e razoable e quebra o principio de igualdade.
- Que toda concesión de subvencións debe cumprir os principios xerais que se enumeran no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Que os tribunais teñen sinalizado que o lugar de residencia non debe ser un criterio excluínte para axudas municipais. Cita a sentenza dun xulgado do contencioso administrativo de Oviedo de 27 de xullo de 2018 que conclúe que todos os nenos que estuden en colexios públicos teñen dereito a beneficiarse das becas de comedor que outorga o Concello.
- Que o Tribunal Constitucional establece criterios en canto ao principio de igualdade, así como o Defensor do Pobo.
- Suxire tramitar a reclamación presentada dándolle a cualificación de recurso de reposición e solicita que se exclúa das bases o requisito de estar empadroado en Vigo ou subsidiariamente que non se esixa unha antigüidade no empadramento.

III.- Valoración das alegacións

- O programa municipal “Vigo en Inglés” non responde á prestación de servizos obrigatorios nos que non caiba exclusión, se non ao fomento da cultura mediante a participación nun programa contratado polo Concello de Vigo cuxas prazas son limitadas.

Este tipo de programas desenvólvense xeralmente polo sector privado en idénticas condicións ás do programa municipal a cambio dun prezo. Non se trata, como no caso indicado das becas de comedor, de establecer un prezo diferenciado entre o alumnado (todo o cal ten dereito ao desfrute do comedor) diferenciando o prezo en función de si está empadroado ou non, nin o caso de acudir a un centro deportivo de acceso igualmente universal e non excluínte (no sentido de que a utilización do recinto por non empadroados non impide con carácter xeral a utilización polos empadroados) a un prezo distinto.

Neste caso tratase dun programa ao que só poden acudir 927 mozos/mozas, en base ao contrato adxudicado polo Concello de Vigo a unha empresa que xestiona este tipo de servizos, tras a tramitación do correspondente procedemento de contratación pública dos “servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (expte 62810/332), e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 76 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

municipais. Para seleccionar aos ditos 927 alumnos e alumnas establécense unha serie de criterios concorrentes e obxectivos (que establece o órgano político competente para determinar a oportunidade dunha actuación pública entre as múltiples posibles e con suxeición á restrición orzamentaria) e que, previa constatación da súa legalidade, considérase que deben ser cumpridos.

Pero nin sequera quen cumpre todos os criterios obxectivos, dada a limitación en número de prazas (derivada á súa vez da limitación no orzamento asignable ao programa), ten asegurado o dereito a participar no programa, pois, tal e como indican las bases:

“As 927 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases. As restantes solicitudes que, cumprindo os requisitos, non sexan seleccionadas, en función da puntuación obtida serán incluídas nunha única lista de suplentes ordenada por puntuación obtida e, no caso de empate na puntuación final, ordenada por renda per cápita da unidade familiar de menor a maior renda.”

As bases forman un todo ordenado e coherente, e a aceptación das teses do recurso, poderían implicar a imposibilidade de implementar o programa en exercicios posteriores.

Se admitimos que o requisito de estar empadroadado é contrario ao principio de igualdade, o mesmo deberíamos predicar respecto da exclusión do alumnado dos centros non sostidos con fondos públicos, ou da exclusión de alumnos/as empadroados/as en Vigo e matriculados en centros sitos noutros municipios, ou da esixencia da nota mínima recollida nas bases, ou de ter todas materias aprobadas nas cualificacións finais do mes de xuño (requisitos contra os que tamén se presentan alegacións que os consideran discriminatorios).

- A doutrina marcada polo Tribunal Supremos ao respecto require que os requisitos que se establezan estean baseados nunha xustificación obxectiva suficiente, o que no presente suposto xustifícase en base ao límite orzamentario existente que á súa vez provoca un acceso topado ao servizo, motivo polo cal a prioridade de acceso para empadroados vén avalada pola limitación de prazas o que motiva que o Concello preste unha atención preferente a súa comunidade veciñal.

- A lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local regula no seu artigo 25 que os municipios poden promover actividades e prestar servizos públicos para satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, o que lexítima que os servizos estean dirixidos aos veciños e veciñas empadroados/as. Actuación que respalda o artículo 18 de dita lei que establece que os veciños/as teñen dereito a utilizar os servizos públicos municipais de acordo coa súa natureza.

- En canto á referencia aos principios xerais que se enumeran no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, cómpre sinalar que non nos atopamos nun procedemento de concesión de subvencións, senón de participación nun programa cultural contratado polo Concello de Vigo.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 77 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Desestimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona Yolanda Rodríguez Caride contra o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa - VIGO EN INGLÉS 2026

Segundo.- Notificar a persoa interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(256).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 11161/307

Visto o informe xurídico do 24/03/2026 e o informe de fiscalización do 25/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/03/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 13 de outubro de 2023, acordou o seguinte:

“Adxudicar a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) por un prezo total do contrato de 386.764,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.124,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi asinado con data 13 de novembro de 2023 e o punto 4 das FEC recolle que o prazo do contrato é de 2 anos (apartado A) e que están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartado C)

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 30 de maio de 2025, acordou: *“Aprobar a prórroga dun ano do contrato de servizos de mantemento das zonas de interese patrimonial adxudicado a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de outubro de 2023, polo período comprendido entre o 14/11/2025 e o 13/11/2026”.*

A cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas recolle que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 78 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

obligatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

Con data 18/02/26, comunicouse ao contratista a intención de prorrogar novamente o contrato.

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público recolle o prazo de duración dos contratos e a súa posibilidade de prórroga, que será acordada polo órgano de contratación.

Esta prórroga considérase conveniente xa que os servizos de mantemento son prestados de xeito satisfactorio e de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados. Durante a prórroga as características do contrato permanecerán inalterables.

LEXISLACIÓN APLICABLE

11) Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

12) Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

13) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.

14) Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

15) Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, en cumprimento do disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

1.- Aprobado a segunda prórroga dun ano do contrato de servizos de mantemento das zonas de interese patrimonial adxudicado a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de outubro de 2023, polo período comprendido entre o 14/11/2026 e o 13/11/2027.

2.- Autorizar e comprometer o gasto segundo o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

A) Presuposto total dun ano de prórroga do contrato: 193.382,41 euros.

B) IVE a soportar pola Administración: 33.562,24 euros.

C) Valor estimado da prórroga do contrato: 159.820,17 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

Anualidade	Datas	Importe	Partida
2026	14/11/2026 31/12/2026	25.247,15 euros	3360.2100004. Mantem. Xardín histórico
2027	01/01/2027 13/11/2027	168.135,26 euros	3360.2100001. Mantem. conxunto etnográfico



3.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(257).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA CONTRA O ACORDO DE DATA 06.03.2026 DO ÓRGANO SELECCIÓN DE CINCO PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020, 2021 E 2022. EXPTE 46490/220

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/03/2026, asinado pola secretaria do órgano de selección do referido proceso selectivo e conformado pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 12.03.2026 Dna. Maria Teresa Gonzalez Otero presenta recurso de alzada contra o acordo do órgano de selección polo que se acorda o resultado do quinto exercicio e resultado final e se propón o nomeamento de persoal funcionario con cargo a dúas prazas vacantes de técnico/a de administración xeral equiparada ao subgrupo A1 de titulación que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022 as dúas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En data 24.03.2026 o órgano de selección emitiu informe do que resulta o seguinte

“ LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común (LPAC)
- Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Admisibilidade do recurso.

Dna. María Teresa González Otero, aspirante no proceso selectivo de cinco prazas de técnico de administración xeral (expte 46490-220), interpón recurso de alzada contra o acordo do órgano de selección de cinco prazas de técnico de administración xeral de data 06.03.2026 polo que se acorda o resultado do quinto exercicio, resultado final do proceso selectivo de cinco prazas de técnico/a de administración xeral (tres pola quenda libre, dúas reservadas a persoas con diversidade funcional) e se propón a Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Nomear persoal funcionario con cargo a dúas prazas vacantes de técnico/a de administración xeral equiparada ao subgrupo A1 de titulación que figuran incluídas na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 80 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022 polo quenda libre aos aspirantes que a continuación se relacionan

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CUATRO EXERCICIO	QUINTO EXERCICIO	TOTAL
1	VELASCO LOPEZ	PEDRO	***2172**	7,250	8,440	6,620	1,800	2,000	26,110
2	Perez LORENZO	NOA	***3764**	6,500	7,375	6,560	2,000	2,000	24,435

O órgano de selección dispón a publicación do anuncio da proposta de nomeamento á Xunta de Goberno Local, e que se remita aos efectos procedentes á web municipal (www.vigo.org) e ao taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- *Declarar deserta a convocatoria de dúas prazas reservadas a persoas con diversidade funcional ao non constar, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2025, ningún aspirante admitido”.*

O art. 121 da LPAC admite o recurso ante o superior xerárquico que nomeou ao Presidente do órgano de selección contra os actos de dito órgano que se atopen na situación prevista no art. 112.1, na modalidade de actos trámite cualificados: “... se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos”.

O recurso interponse no prazo establecido (1 mes) por persoa interesada en tanto que María Teresa González Otero é aspirante no proceso selectivo.

E por isto polo que procede a admisión do recurso de alzada.

SEGUNDO.- Do recurso de alzada.

A Sra. María Teresa Gonzalez Otero fundamenta o seu recurso no seguinte:

1. A convocatoria incluía cinco prazas, das cales tres eran de quenda libre. O propio documento impugnado recoñece literalmente "Resultado final do proceso selectivo de cinco prazas (...) cinco por quenda libre, dúas reservadas con diversidade funcional.
2. A proposta só nomea a dúas persoas en quenda libre. Na parte dispositiva indícase "Primeiro.- Nomear persoal funcionario con cargo a dúas prazas vacantes (...) pola quenda libre aos aspirantes que a continuación se relacionan".
3. A terceira praza de quenda libre desaparece sen explicación. Non se declara deserta, non se motiva a súa exclusión, nin se indica o seu destino administrativo. Isto supón unha alteración non motivada do número de prazas, prohibida pola xurisprudencia e polo principio de vinculación ás bases.
4. Non se crea a lista de substitucións, a pesar de ser obrigatoria. o BOPP número 179 de 19/09/2025 e as Bases Xerais establecían expresamente esta previsión. Esta lista debíase publicar xunto coa proposta de nomeamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 81 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Da análise do recurso de alzada interposto cabe concluír que o mesmo no pode prosperar conforme as seguintes consideracións.

I. Conforme a doutrina xurisprudencial as bases da convocatoria constitúen a lei do proceso e, en base a dita consideración, vinculan tanto a la Administración convocante, como a quen toma parte no mesmo. Así, o proceso selectivo de tres prazas de técnico de administración xeral rexerese polas súas bases xerais (BOPPO, núm. 169 de data 30.08.2024) e polas bases específicas (BOPPO núm. 179, de 13.09. 2024).

As bases xerais do proceso selectivo na súa cláusula 8.4.6 relativa á proposta de nomeamento dispón “*Logo do remate do proceso selectivo, o órgano de selección deberá publicar na páxina web municipal www.vigo.org a proposta de nomeamento. O órgano de selección non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario ou declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ao das prazas que se convocan, agás cando así o determine a propia convocatoria.*”

Con todo, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de persoas aspirantes que sigan as propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TREBEP)”.

A cláusula décimo cuarta das bases xerais dispón “*Considerando que as persoas aspirantes, para tomar parte nas probas selectivas, só precisan manifestar na súa solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base IV anterior, agás o D.N.I, CELGA, declaración xurada, o xustificante de pagamento dos dereitos de exame e os documentos que xustifiquen os méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso-aqueles que fosen propostas para ocupar as prazas convocadas achegarán os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 4, a través dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dirixidas a Área de Recursos Humanos e Formación dentro do prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte a que se faga pública a proposta de nomeamento polo órgano de selección, mediante a publicación na web municipal www.vigo.org. (...)*”.

A proposta formulada polo órgano de selección se limita a propoñer o nomeamento como persoal funcionario das dúas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo conforme o establecido nas bases.

O órgano de selección propuxo o nomeamento dun número de aspirantes (2) inferior ao do número de prazas convocadas (3) polo que non procede formular unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan as propostas (2), para o seu posible nomeamento como persoal funcionarios de carreira.

II. En relación a lista de substitucións, cómpre indicar que as bases xerais no apartado “outras disposicións comúns”, determina que “ *As persoas aspirantes que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratado como persoal interino ou laboral*”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 82 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da lista de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa concordante de aplicación”.

Neste punto cómpre indicar que as únicas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo de tres prazas de técnico/a de administración xeral pola quenda libre son as persoas propostas polo órgano de selección para o seu nomeamento como persoal funcionario con cargo a dúas prazas vacantes de técnico/a de administración xeral equiparada ao subgrupo A1 de titulación que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022.

E por isto que se conclúe que a proposta do órgano de selección se axusta ao establecidos nas bases xerais que rexen o proceso selectivo, toda vez que as bases da convocatoria constitúen a lei do proceso”

Polo exposto, procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para súa resolución a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Dna. M^a Teresa Otero Gonzalez contra a resolución do órgano selección de cinco prazas de técnico de administración xeral de data 06.03.2026.

SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Dna. M^a Teresa Otero Gonzalez contra o acordo do órgano selección de cinco prazas de técnico de administración xeral de data 6.03.2026 en base as motivacións expostas no apartado segundo das consideracións xurídicas.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra a mesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(258).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL. EXPTE. 2060/1102

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/03/2026, asinado pola Secretaría de Goberno Local e polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 4 de marzo de 2025 publicouse no Boletín Oficial do Estado núm. 54 a Resolución de 27 de febreiro de 2025, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital asinado entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 83 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) en data 18 de febreiro de 2025.

En data 1 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de adhesión do Concello de Vigo ao Convenio entre a Administración Xeral Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital de data 18 de febreiro de 2025. En data 22.08.2025 formalizouse dita adhesión.

En data 13 de novembro de 2025 asinouse novo convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento dunha administración dixital con vixencia ata o 31 de decembro de 2028. Dito convenio da continuidade ao anterior e nel establécense as condicións que rexerán o acceso ás solucións tecnolóxicas, sistemas e infraestruturas que a Xunta pon a disposición das EELL no "Catálogo de servizos do convenio".

En data 26 de marzo de 2026 incoouse expediente de adhesión do Concello de Vigo ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital asinado en data 13 de novembro de 2025 baixo a instrución conxunta da Secretaria de Goberno Local e Servizo de Administración Electrónica.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos. Concretamente, mediant dito convenio, a Xunta de Galicia, mediante Amtega, e a Fegamp acordan

a) A posta a disposición das entidades locais de Galicia de infraestruturas tecnolóxicas e servizos comúns que forman parte do catálogo dos sistemas dixitais postos a dispor das administracións públicas, coa finalidade de racionalizar esforzos no desenvolvemento de recursos neste ámbito.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 84 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

b) A adhesión das entidades locais que así o desexen ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada , segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

SEGUNDO.- A disposición adicional segunda Lei 39/2015, do 1 de outubro, no seu parágrafo primeiro determina que para cumprir co previsto en materia de rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, arquivo electrónico único, plataforma de intermediación de datos e Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poderán adherirse voluntariamente e a través de medios electrónicos ás plataformas e rexistros establecidos para o efecto pola Administración Xeral do Estado.

Concretamente a cláusula terceira do convenio determina que as entidades locais poderán solicitar a súa adhesión ao presente convenio mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de garantir á cidadanía o acceso electrónico aos servizos públicos posibilitando a súa interacción con calquera Administración Pública. A efectividade das adhesión quedará condicionada á obtención da conformidade por parte da Comisión de Seguimento deste convenio.

A non adhesión ao convenio deberá xustificarse en termos de eficiencia, de acordo con a interpretación conforme fixada no FJ 11.f) da Sentenza do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio de 2018. Dita sentenza determina *“Hay Comunidades Autónomas y entes locales que antes de la aprobación de la Ley contaban ya con algunas de estas soluciones o plataformas porque así lo habían decidido autónomamente o en cumplimiento de la Ley 11/2007. En cualquier caso, la generalización de todas ellas en cada una de las administraciones, con la garantía de su efectiva interoperabilidad, conllevará fuertes desembolsos económicos que, además de inasequibles para algunos (p. ej., pequeños ayuntamientos), pueden desequilibrar las balanzas públicas y amenazar la sostenibilidad financiera. El legislador ha pretendido compatibilizar la apuesta por la administración electrónica con esta realidad y con los imperativos de la eficiencia (arts. 31.2 CE y 7 de la Ley Orgánica 2/2012), la estabilidad presupuestaria (arts. 135 CE y 3 de la Ley Orgánica 2/2012) y la sostenibilidad financiera (art. 4 de la Ley Orgánica 2/2012)” e “En segundo lugar, a través de la controvertida disposición adicional segunda, la Ley favorece el uso compartido de recursos electrónicos, en sintonía con lo ya previsto para la Administración General del Estado y sus organismos públicos en el Real Decreto 804/2014, de 19 de septiembre, sobre organización e instrumentos operativos de las tecnologías de la información y las comunicaciones. Pretende situarse así en línea con las recomendaciones de la Organización para la Cooperación y Desarrollo Económico (OCDE), para la que «en un país con tal nivel de descentralización, ha habido duplicidades en el desarrollo y la utilización de los sistemas de tecnología de la información y comunicación en todos los niveles de la administración»; por eso proporcionar «incentivos para una cooperación reforzada en un contexto de multigobernanza será decisivo para corregir las fuentes de ineficacia» [OCDE (2014), Spain: From Administrative Reform to Continuous Improvement]. El preámbulo de la Ley 39/2015 hace referencia en el mismo sentido a la necesidad de corregir las «duplicidades» innecesarias y las «ineficiencias», impulsando la racionalización «de las instituciones y entidades del poder ejecutivo», mejorando «la eficiencia en el uso de los recursos públicos» y aumentando «su productividad».*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 85 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O artigo 157.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, establece que as Administracións Públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou ao mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación deberán consultar se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización, que poden satisfacer total ou parcialmente as necesidades que se pretenden cubrir.

O artigo 64.1 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece que, de acordo co previsto no artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as Administracións Públicas poñerán ao dispor de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvoltas polo seu servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información á que estean asociadas sexan obxecto de especial protección por estar previsto nunha norma. As Administracións cedentes e cesionarias poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.

Para iso, de acordo con o previsto no artigo 64.4 do Regulamento, as Administracións públicas procurarán a construción de aplicacións reutilizables, ben en modo produto ou en modo servizo, co fin de favorecer as actuacións de compartir, reutilizar e colaborar, en beneficio dunha mellor eficiencia e para atender de forma efectiva as solicitudes recibidas en virtude do mencionado artigo 157. Para ese efecto, de acordo con o previsto no artigo 158 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as Administracións Públicas manterán directorios actualizados de aplicacións para a súa libre reutilización en modo produto ou en modo servizo, de conformidade co disposto no Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, regulado polo Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro.

TERCEIRO.- A adhesión ao Convenio permite ao Concello de Vigo dar cumprimento as obrigas en materia de implantación dos medios electrónicos (DA2ª Lei 39/2015) sen custo económico para a facenda municipal con pleno respecto aos principios de eficiencia, estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.

Concretamente a cláusula sexta do convenio determina que o acceso e dereito de uso das solucións tecnolóxicas básicas por parte dos suxeitos adheridos realizarase previa subscrición do correspondente Acordo de adhesión o cal segundo anexo II de dito convenio literalmente di

“Que, mediante a subscrición do presente acto de adhesión, o/a nome da entidade local adherente, en tanto que tipo de entidade da cláusula 1.2 da Comunidade Autónoma de Galicia, expresa a súa vontade de adherirse ao devandito Convenio, e acepta de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto séxanlle de aplicación, podendo quedar adherido a calquera das solucións básicas obxecto deste convenio e cuxas especificacións técnicas e funcionais recóllense no anexo I do mesmo.

Que, delega na Comunidade Autónoma de Galicia a súa participación na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio aceptando as decisións tomadas no seo da devandita comisión, sen prexuízo do sinalado na mencionada cláusula. Que, a adhesión ten efectos desde a data de inscrición da presente acta no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, previa firma, e perdurará durante o período de vixencia do citado convenio.”

A adhesión ao convenio non comporta gasto para o Concello se ben implica a asunción con cargo a facenda municipal das obrigas previstas na cláusula quinta que impliquen a realización dun gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 86 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

E por isto que considerase convinte ao interese xeral a adhesión ao convenio.

CUARTO.- Por resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 delegouse na Xunta de Goberno Local adopción dos acordos de adhesión aos convenios e acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería de Área de Goberno.

Non se require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que o acordo non conleva gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local)

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno como órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Adhesión do Concello de Vigo ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dunha administración dixital asinado en data 13 de novembro de 2025 asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.

SEGUNDO.- Facultar a concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a formalización do acto de adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dunha administración dixital asinado en data 13 de novembro de 2025 segundo o modelo recollido no anexo II de dito convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(259).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE DÚAS AUTO-BOMBAS PESADAS, PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7552/213

Visto o informe xurídico do 27/02/2026 e o informe de fiscalización do 02/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 87 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
 - Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 01 de xaneiro de 2026 a concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de dúas auto-bombas pesadas con dotación, para o parque central de teis e parque de Esturáns do Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 01 de xaneiro de 2026 e a concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de data 01 de xaneiro de 2026.

Resolución de inicio do expediente de contratación do a concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal de data 01 de xaneiro de 2026.

Certificado de crédito de data 08 de xaneiro de 2026, emitido e asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentos.

Declaración do redactor del prego técnico de data de 09 de xaneiro de 2026, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria económica do contrato de data 02 de xaneiro de 2026, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros, conforme da concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal e Tenente Alcalde Área de fondos Europeos por Delegación de 02 de xaneiro de 2026. Correxida en data de 05 de febreiro de 2026.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 09 de xaneiro 2026, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e correxido en data de 06 de febreiro de 2026.
- Memoria xustificativa do contrato de data de 09 de xaneiro de 2026, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal e correxida en data de 06 de febreiro de 2026.
- Dilixencia do Servizo de Contratación de data 30 de xaneiro de 2026.
- Dilixencia do Servizo de Bombeiros de data 05 de febreiro de 2026.
- Informe da xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data de 06 de febreiro de 2026 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de dúas auto-bombas pesadas, para o parque central de teis e parque de Esturáns do Servizo de Bombeiros, asinado pola xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data de 06 de febreiro de 2026, 10 de febreiro de 2026, e correxido o 25 de febreiro de 2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 88 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Área de Goberno, seguridade contratación, festas e xestión Municipal mediante resolución de 01 de xaneiro de 2026 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP ee a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LR-BRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de dúas auto-bombas pesadas, para o parque central de teis e parque de Esturáns do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 06 de febreiro de 2026.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data de 25 de febreiro de 2026.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.200.000,00 euros, do que 208.264,46€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606240000 “ Adquisición vehículos ” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 89 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(260).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE “CUBRICIÓN E PECHE DA PISTA DEPORTIVA NO C.E.I.P LOPE DE VEGA”. EXPTE. 6644/443

Sométese a aprobación o informe-proposta do 30/03/2026, asinado pola técnica de xestión, polo xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deporte o día 13.06.2024 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto José Manuel Fernández Barreira.

II.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión, proxecto de “CUBRICIÓN E PECHE DA PISTA DEPORTIVA NO C.E.I.P LOPE DE VEGA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVENTA E CATRO MIL NOVECENTOS OITENTA E DOS EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.094.982,03 €).

III.- A xefa do Servizo de Educación e o xefe da Área de Servizos Xerais informaron que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta da xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 24.10.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación se desenvolve na pista polideportiva cuberta asentada nos terreos do CEIP Lope de Vega sito na rúa Emilia Pardo Bazán, 119. Sárdoma, 36214 Vigo, Pontevedra. O terreo onde se empraza o presente proxecto corresponde coa parcela de referencia catastral 4046501NG2744N0001XT.

A superficie da pista deportiva cuberta existente, de forma rectangular, situada ao sur desta parcela escolar ten unhas dimensións de 42,91 x 24,86 m que representa unha superficie duns 1.066 m².

As obras contempladas no proxecto son as seguintes:

1. Actuacións previas:

- Replanteo xeneral, organización de accesos, acopios e medios auxiliares.
- Desbroce e acondicionamento puntual de zonas de traballo cando sexa necesario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 90 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- Protección de accesos e áreas de tránsito do recinto escolar durante a obra, de modo que, finalizada esta, restablézanse as condicións de servizo.

2. Demolicións: Procederáse ao desmontase e retirada controlada dos elementos existentes afectados pola reconstrución integral, incluíndo:

- Desmontase da cubrición actual e dos elementos auxiliares asociados (remates, fixacións, etc.).
- Retirada de elementos inestables e/o deteriorados, asegurando a estabilidade durante o proceso mediante apeos e arriostramentos cando proceda.
- As demolicións realizaranse de arriba abaixo, evitando a presenza de persoal na vertical dos elementos a demoler e mantendo a zona limpa de escombros, con medidas para minimizar po (rega) por tratarse de un ámbito dotacional.

3. O peche superior do volume resólvese mediante unha fachada formada por placas de policarbonato celular autoportante (multiceldilla), con espesor 16 mm, con requisitos de reacción ao lume e resistencia a impactos, e con cabezas de placa termoselladas/encintadas e perfís tipo “U” de peche para evitar entrada de po e insectos.

4. Complementariamente, e en coherencia coa existencia de zonas abertas e valado perimetral, contéplase reposicións/execucións de elementos metálicos de peche e protección (paneis e postes), incluíndo paneis de malla electrosoldada galvanizada como parte dos sistemas de cerramento e seguridade física do perímetro definido en proxecto.

5. Dado o obxectivo explícito de garantir condicións de seguridade no uso polo estado de fisuración existente, executarase a renovación integral do paquete de pavimentación, incluíndo:

- Levantado/picado e retirada do pavimento existente afectado (segundo alcance desenrolado en proxecto) e preparación do soporte.
- Regularización e adecuación da base, incluíndo operacións de compactación e control xeométrico para asegurar planeidade e comportamento en servizo. Zahorra compactada e dúas capas de aglomerado asfáltico en quente tipo D-6/8.
- Pavimentación da pista previa capa de “selado do aglomerado asfáltico” mediante unha capa de base de resinas sintéticas e arenas silíceas calibradas, de cor negro, como enlace do sistema co pavimento, dúas capas de resinas 100% acrílicas en emulsión altamente pigmentadas mesturadas con arenas silíceas calibradas máis unha de reforzo nos lugares de forte uso e unha capa de acabado de cor, mediante resinas en emulsión 100% acrílicas e altamente pigmentado.

6. Para resolver as entradas de auga e asegurar unha adecuada xestión de escorrentías, executarase o sistema completo de evacuación de pluviais, incluíndo canlóns, baixantes exteriores vistas e conducións horizontais enterradas en PVC para condución ata puntos de conexión previstos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 91 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Prevese a execución da instalación eléctrica necesaria para o funcionamento do ámbito da pista (especialmente alumeado e elementos auxiliares), mediante derivación desde cadros existentes do centro e canalizacións enterradas, conforme ao REBT e prescricións do proxecto.

8. Finalizadas as obras, procederase á retirada de medios auxiliares, limpeza integral do ámbito de intervención e verificación de correcto funcionamento (pluviais, fixacións, acabados de soleira, elementos de peche e seguridade).

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SETE) 7 meses.

IV.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 12.03.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“De acordo ao Planeamento vixente no Concello de Vigo, Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025, a edificación situase no terreo que foi clasificado como solo urbano. A instalación proxectada atópase afectada pola U.10 Dotacional-Equipamentos. Sistema local destinado a Equipamento Educativo SL-EQ-ED-167 existente.

Consta no expediente Informe da Arqueóloga Municipal do Concello de Vigo de data 27 de outubro de 2025.

A actuación proxectada encadrase como obra de reforma/rehabilitación de instalación educativa existente, destinada a mellorar condicións de seguridade, salubridade e funcionalidade da pista cuberta.

Non se plantea un cambio de uso, manténdose a instalación vinculada ao uso educativo/dotacional e á actividade do centro. A intervención xustifícase como actuación de mellora en dotación existente, destinada a conservar e actualizar a instalación, mantendo a súa función pública/educativa.

Ao tratarse de dotación existente e dunha intervención de reforma sobre unha peza xa implantada, o criterio urbanístico aplicable é manter a implantación existente, sen alterar aliñacións de vial nin xerar novas afeccións de ocupación. Non se xera un incremento significativo de ocupación/edificabilidade atribuíble a nova implantación, senón unha actualización construtiva da dotación.

A nova proposta xustifica unha racionalización da sección de cuberta (dúas augas continuas con pendente do 10%). A nova proposta non empeora o perfil volumétrico da instalación e, en termos de altura total, resulta compatible co mantemento da envolvente preexistente. Mantense a altura a arranque da cuberta, polo exterior no punto máis alto, situándose a 8,41m desde a cota de borde da pista.

Consta no expediente Informe da Arquitecta Municipal da Xerencia de Urbanismo de data



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 92 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

22 de xaneiro de 2026.

A actuación pretendida supón un cambio de cuberta e fachada sen incrementar a altura da edificación existente polo que será necesario solicitar autorización en zonas afectadas por servidumes aeronáuticas solo aos efectos de uso de medios auxiliares.

Consta no expediente a autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) con data 2 de febreiro de 2026.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 93 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de obras de “CUBRICIÓN E PECHE DA PISTA DEPORTIVA NO C.E.I.P LOPE DE VEGA”, redactado polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVENTA E CATRO MIL NOVECENTOS OITENTA E DOS EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.094.982,03 €) e asinado dixitalmente o día 26 de xaneiro de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(261).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA CENTRO FASE 1”. EXPTE. 6990/443

Sométese a aprobación o informe-proposta do 26/03/2026, asinado pola técnica de xestión, polo xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local na sesión do día 7 de novembro de 2025, acordou entre outros:

“Adxudicar a CONTROL Y GEOLOGÍA, SA. – CYGSA o lote 1 do procedemento aberto para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 94 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

a contratación do servizo de redacción dos proxecto de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo” (2212-441) por un prezo total do contrato de 127.181,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.072,89 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de execución das obras de “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA CENTRO FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE MIL NOVENTA E UN EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.520.091,49 €).

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.03.2026 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 17.03.2026 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- Trátase da mellora da pavimentación de corenta vias municipais que abarcan dende a zona centro a parroquia de Teis, en concreto os seguintes:

- 1) Martín Echegaray (R)
- 2) Pizarro (R)
- 3) Vazquez Varela (R)
- 4) Barcelona (R)
- 5) Ecuador (R)
- 6) Estrada (R)
- 7) Gonzalo Torrente Ballester (R)
- 8) Luis Braille (R)
- 9) Menendez Pelayo (R)
- 10) Nazario González (R)
- 11) Paraguay (R)
- 12) Santander (R)
- 13) Simón Bolívar (R)
- 14) Zaragoza (R)
- 15) Chile (R)
- 16) Amor Ruibal (R)
- 17) Camilo Veiga (R)
- 18) Chano Piñeiro (R)
- 19) Escultor Nogueira (R)
- 20) Eugenio Arbones (R)
- 21) Hernán Cortés (R)
- 22) Isidoro Romero (R)
- 23) Jose De La Peña (R)
- 24) José Gómez Posada Curros (R)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 95 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 25) Mariña Mansa (R)
- 26) Merlo (R)
- 27) Nuñez De Balboa (R)
- 28) Nuñez De Balboa (R)-Suido
- 29) Papuxa (R)
- 30) Perdiz (R)
- 31) Reiseñor (R)
- 32) Ribadavía (Barrio)
- 33) Tomás Delmiro Martínez Silva (R)
- 34) Vilagarcía De Arousa (R)
- 35) Umia (R)
- 36) Carballa (Cño)
- 37) Cordoeira (2ª Trav)
- 38) Frián (Cño)
- 39) Soutelán (Cño)
- 40) Vicaría (Cño)

Os vias presentan patoloxías de distinta entidade desde:

- Patoloxías que afectan á capa de rodadura pero que non supoñen deformacións do firme nin modificación da liña de rasante:
 - Fisuras e gretas asociadas ao envellecemento do firme para tamén como resultado de reflexión de gretas inferiores por efecto de roturas asociadas á construción de canalizacións de servizos, principalmente comunicacións e saneamento.
 - Pulido do árido da capa de rodadura por desgaste debido ao uso.
 - Desprendemento da capa de rodadura con árido visto e ocos do desgaste.
- Deformacións de distinta entidade:
 - Rodeiras.
 - Brandóns.
 - Afundimento da sección.
 - Bacheado previo por deformacións previas.
 - Deformacións

Proxéctase unha actuación de renovación do firme co obxectivo de conservar e mellorar as características funcionais das vías, tanto de seguridade como de comodidade, así como de protexer o conxunto do firme, logrando un aumento da durabilidade, impermeabilidade, uniformidade e aspecto.

Prevense as seguintes actuacións:

- Realizarse o fresado da capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Selado de gretas con emulsión tipo C60B3 TER.
- Naquelas zonas da calzada onde sexa necesario realizar a reposición do paquete completo de firme, procederáse a demolición do mesmo para a continuación executar a sección de firme proxectada que estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF BC 50/70 D, sobre unha capa intermedia de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S, que á súa vez se coloca sobre unha base SC-20, SC-40 ou zahorra artificial segundo o caso. Entre capas de MBC dispórase un rego de adherencia: Emulsión catiónica termoadherente tipo C60B3 TER cunha dotación de emulsión de 700 g/m² sobre o firme vello. Entre base de solo-cemento e MBC dispórase un rego de curado: emulsión catiónica termoadherente tipo C60B3 CUR cunha dotación de 500 g/m² e rego de imprimación: emulsión catiónica, C50BF4 IMP cunha dotación de 1.000 g/m².



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 96 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- En cuanto á rede de recollida de augas pluviais, renovarase ou reubicarán os sumidoiros naqueles casos que sexa necesario e dispoñeranse reixas para recollida das augas.
- Renovarase toda a sinalización do ámbito de proxecto e os elementos de balizamento necesarios.
- Recreeráanse todas as arquetas á cota do vial proxectado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 25.03.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2025. A aprobación definitiva de dito PXOU foi publicada no DOG nº 123 o día 30/06/2025 e a súa normativa foi publicada no BOPP número 146, de fecha 4 de agosto de 2025, o que permitiu que entrara en vigor o 27 de agosto de 2025.

O análise realizado sobre as posibles afeccións ao Patrimonio Cultural realizouse desde o novo marco competencia que estableceu a Lei 5/2025, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2026, en concreto o relacionado coa reforma da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

Non é obxecto deste proxecto acción directa ou indirecta algunha sobre calquera dos bens mencionados, non existindo incidencias relativas ao derribo, restauración, conservación, consolidación ou rehabilitación, e non supoñendo o seu deterioro, nin impedindo a súa contemplación nin ocupando espazos libres do seu entorno.

As obras proxectadas adaptasen ao planeamento vixente ao tempo que a natureza das mesmas fai que non se produzan impactos sobre o patrimonio ou outros elementos de interese.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 97 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de execución das obras de **“RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 98 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

ZONA CENTRO FASE 1", redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE MIL NOVENTA E UN EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.520.091,49 €) e con data da sinatura dixital 25 de marzo de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(262).- RECADACIÓN EN VÍA DE APREMIO DE RECIBOS SUBMINISTRACIÓN AUGA E SANEAMENTO 2024. EXPTE. 500195/700

Sométese a aprobación o informe-proposta do 27/03/2026, asinado polo Tesoureiro, que di o seguinte:

A Dirección de ingresos do Concello de Vigo, en data 9 de marzo de 2026 remíte a esta Tesourería o seguinte informe:

Achegolle relación de liquidacións de de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, correspondentes os períodos de facturación entre entre o 01.01.2024 e o 31.12.2024, non satisfeitas en período voluntario e aprobadas por Decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde.

As citadas liquidacións foron notificadas regulamentariamente conforme ós art. 109 a 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria.

Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a **189.602,80 € (CENTO OITENTA E NOVE MIL SEISCENTOS DOUS EUROS E OITENTA CENTIMOS)** segundo relación que achega foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos e que se relacionan o seguir:

Padrón	Año	Recibo	Nombre	NIF	Fijo	Principal
000580	2024	174724010150337	MARIA DE LAS NIEVES SAN JUAN RODRIGUEZ	***0030**	113409	43,50 €
000580	2024	174724010044227	MARIA DE LAS NIEVES SAN JUAN RODRIGUEZ	***0030**	113409	52,59 €
000580	2024	174724010566429	MARIA SUEIRO MARIÑO	***2027**	113431	45,07 €
000580	2024	174724010044235	MARIA SUEIRO MARIÑO	***2027**	113431	49,79 €
000580	2024	174724010247833	MARIA SUEIRO MARIÑO	***2027**	113431	70,35 €
000580	2024	174724010358100	MARIA SUEIRO MARIÑO	***2027**	113431	75,96 €
000580	2024	174724010460140	MARIA SUEIRO MARIÑO	***2027**	113431	92,81 €
000580	2024	174724010150345	MARIA SUEIRO MARIÑO	***2027**	113431	42,14 €
- o 19 de xaneiro de 2026, JOSE ANTONIO LOPEZ ALVARELLOS, con DNI: 76818879-Y, en nome e representación da mercantil **SUPERNOVA ASISTENCIAS SL** con CIF: B94011665, (W1420334-3889) presta a súa conformidade a terceira prorroga dos lotes 6, 9 e 12.
- o 14 de xaneiro de 2026 **Elisa Estévez Rodríguez**, con DNI 34904364R, en nome e representación da mercantil **ACADEMIA ELISA** con CIF: 34904364R, (W1418502-1170) presta a súa conformidade a terceira prorroga dos lotes 3, 8 e 11.
- o 14 de xaneiro de 2026 Rubén Martínez Novo, con DNI 36125751L en representación da entidade **Tierra y Mar Multiaventura SLU** con CIF B-27753573 (W1418702-3419) presta a súa conformidade a terceira prorroga do lote 5.
- o 16 de xaneiro de 2026 **Daniela Alvite Waisman**, con DNI 44844142F, W1051597-6324 en representación da entidade Imaxina servizos educativos e CIF 44844142F (W1419556-6375) presta a súa conformidade a terceira prorroga dos lotes 1 e 7.
- o 26 de xaneiro de 2026 Manuel Feijoo Rial, con DNI 76996867-C en representación da entidade **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA** y CIF B-27774843, (W1423086-6696) presta a súa conformidade a terceira prorroga do lote 2.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 179 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Consonte o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

O artigo 29.4 establece que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

Segundo.- Segundo o **Prego de Cláusulas Administrativas, na cláusula 7, apdo 3**, “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

No apartado 4 das FEC, establécese que o prazo do contrato é dun (1) ano. Contemplase tres (3) prórrogas dun (1) ano cada unha. E, en canto aos períodos de execución, serán asignados a cada un dos lotes adxudicados, axustados os prazos á duración de cada lote en función do calendario escolar e festividades no ano do contrato.

A data de sinatura dos contratos foi o 16 de xuño de 2023, establecendo na cláusula 4ª un prazo de duración dun ano contado a partir do 26 de xuño de 2023, e a posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar por terceiro ano a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR (EXPT. 9643/336), sen introducir variación nos termos contratados - agás a adaptación necesaria das datas das quendas que varían anualmente e que deben adecuarse para poder organizar as 5 quendas de campamentos-polo período dun ano contado dende o 26 de xuño de 2026 e ata o 25 de xuño de 2027 e, toda vez que os traballos durante o primeiro e segundo ano das prórrogas desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

Cuarto.- O período da terceira prórroga do contrato comporta un prezo anual que ascende a un total de **486.751,20€**, sendo o 10% de **44.250,11€**, con cargo á partida orzamentaria **3370.2279912. Campamentos do verán** por importe de 300.000€ e de 186.751,20€ que serán con cargo ao Proxecto 24337001.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe, en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

PROPOSTA.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 180 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

“**PRIMEIRO.-** Aprobar a **terceira prórroga** do contrato de **SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR. (expte 10317-336)**, polo período dun ano, dende o 26 de xuño de 2026 e ata o 25 de xuño de 2027 para os seguintes lotes:

1.- **DANIELA ALVITE WAISMAN** (44.844.142-F) os **lotes 1 e 7.**

1.1.- Lote 1 Campamento verán 1. Alcabre e praia

- O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.

1.2.- Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA

- O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.

2.- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.** (B-27.774.843) o **lote 2 “Campamento verán 2. Berbés”**

- O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.

3.- **ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ** (34.904.364-R) os **lotes 3, 8 e 11.**

3.1.-Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.2.- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.3.- Lote 11. Campamento verán 11.CEIP

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

4.- **TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U.** (B-27.753.573) o **lote 5 “Campamento verán 5. NÁUTICO 1”**

- O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.

5.- **SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.** (B-94.011.665) os **lotes 6, 9 e 12**

5.1.- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2

- O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.

5.2.- Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico

- O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.

5.3.- Lote 12. Campamento verán 12. Travesas

- O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.

6.- **UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA** (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os **lotes 10 e 13**

➤ 6.1.- Lote 10

- O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.

➤ 6.2.- Lote 13

- O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.

7.- **KOREMI REHABILITACIÓN, S.L.** o **lote 4 “Campamento verán 4. Pavillón de Coia”**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 181 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 486.751,20€ de catrocentos oitenta e seis mil setecentos cincuenta e un con vinte euros, IVE incluído, e que corresponde a **3ª prórroga** da CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR (**10317-336**), con cargo á partida orzamentaria 3370.2279912. Campamentos do verán por importe de 334.169,20€ e de 152.582,00€ que serán con cargo a Remanentes do ano 2025 /Proxecto 25337002 :

a) Con cargo á partida 3370.2279912 Campamentos do verán:

- LOTE 2: 24.166,20€
- LOTE 3: 32.560,00€
- LOTE 4: 15.000,00€
- LOTE 5: 15.000,00€
- LOTE 6: 32.208,00€
- LOTE 7: 37.935,00€
- LOTE 9: 36.322,00€
- LOTE 10: 33.550,00€
- LOTE 12: 54.868,00€
- LOTE 11: 32.560,00€
- Lote 13: 20.000,00€

b) Con cargo a Remanentes do ano 2025 /Proxecto 25337002 :

- LOTE 1: 28.604,00€
- LOTE 2: 5.728,81€
- LOTE 4: 28.236,28€
- LOTE 5: 38.952,91€
- LOTE 8: 32.560,00€
- LOTE 13: 18.500,00€

Total: 152.582,00€

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás empresas contratistas nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)”

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do 0.0.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 182 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Contratación da xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico da concellería de Xuventude. Expte. 10287/336

.- Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM)_ 2026. Expte. 291260/301

.- Recurso especial contra adxudicación do contrato mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do concello de Vigo. Expte. 51261/446

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(264).- CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. Expte. 10287/336

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 31/03/2026 e o informe de fiscalización do 31/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/03/2026, asinado pola técnica do Servizo de Xuventude e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

16)RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

17)RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

18)Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.

19)RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

20)Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

21)Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 183 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data 22 de outubro de 2025, iniciase o expediente 10.287-336 para a prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil.

- Este servizo de dinamización xuvenil está especialmente pensado para integrar a mocidade en actividades de ocio e tempo libre a través da creatividade e o desenvolvemento de servizos ao servizo da música e, en xeral, das manifestacións artísticas.

Segundo. Con data 24 de marzo de 2026 asínase o prego de condicións técnicas corrixido e actualizado, así como a memoria económica actualizada en data 25 de marzo de 2026.

Terceiro. Con data 31 de marzo de 2026 incorpóranse ao expediente o informe favorable do servizo de contratación actualizado e con data 31 de marzo de 2026, o prego de cláusulas administrativas actualizado.

Cuarto. Consta no expediente con data 26 de marzo de 2026, a Retención de Crédito 12026000029185: "CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DENOMINADO VIGOSÓNICO. ANOS 2026" E, Retención de Crédito 12026000029187 : "CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DENOMINADO VIGOSÓNICO. ANOS 2027 E ANO 2028 "

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro. O orzamento máximo de licitación é de 328.356,82€ (trescentos vinteoito mil trescentos cincoenta e seis con oitenta e dous euros) iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de IVE 29.850,62 € (vintenove mil oitocentos cincuenta con sesenta e dous euros). - Prezo sen iva: 298.506,20€

Segundo. O desglose do presuposto base de licitación, elaborado de conformidade co disposto nos artigos 100 e 309 da LCSP, e o seguinte:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN				164.178,41 €		
Horario: De martes a domingo de 16:30 a 21:30 h, 12 meses (agás festivos)						
XESTIÓN VIGOSÓNICO	PERSOAL	Nº HORAS	PREZO/HORA	+ 34% SEG.SOC.	IMPORTE TOTAL (12 meses)	
	1 aux. conserxe/porteiro/a	Parte fixa 30h semanais	1560hs	12,02 €	16,10€	25.116 €
		Cobertura costes vacacións	120hs			1.932 €
	1 coordinador/a	30 h semanais	1560hs	16,08€	21,54 €	33.602,40 €
		Cobertura costes vacacións	120hs			2.584,80 €





CONCELLO DE VIGO

CUSTES DIRECTOS	1 Técnico/a de son	30 h semanais	1560hs	13,24 €	17,74 €	27.674,40 €	
		Cobertura vacacións	costes 120hs			2.128,80 €	
	Docentes obradoiros musicais						
	Baixo	176hs	12,02 €	16,10 €	2.833,60 €		
	Batería	176hs			2.833,60 €		
	Técnica Vocal	176hs			2.833,60 €		
	Guitarra	176hs			2.833,60 €		
	SUBTOTAL docentes obradoiros musicais					11.334,40€	
	Custe persoal (auxiliar+coordinación+técnico son+docentes)					104.372,80€	
	Custe reparación/reposición medios aux e materiais				15,00%	15.655,92 €	
Absentismo				7,00%	7.306,10€		
CUSTES IN-DIRECTOS	Gastos xerais				13,00%	13.568,46 €	
	Beneficio Industrial				8,00%	8.349,82 €	
IVE				10%	14.925,31€		
					149.253,10€		
TOTAL PREZO CON I.V.E. (10%)					164.178,41 €		

Terceiro. Anualidades:

A data de inicio estimada do contrato é a do 9 de maio de 2026 e o prazo do contrato é de 2 anos con posibilidade de 1 prórroga por un ano máis, polo tanto e tendo en conta o orzamento base de licitación as anualidades resultantes son as seguintes:

Ano	Prezo sen ive	Ive	Con Ive
2026 (7 meses + 22 días)	96.912,29€	9.691,23€	106.603,52€
2027	149.253,10 €	14.925,31€	164.178,41 €
2028 (4 meses + 8 días)	52.340,81€	5.234,08€	57.574,89€
Totais	298.506,20€	29.850,62€	328.356,82€

Cuarto. Valor estimado do contrato.

O cálculo do valor estimado deste contrato determinouse descontando o ive o orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, máis a posible prórroga de 1 ano, sen incluír modificacións por non estar previstas neste contrato.



- De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a **447.759,30€**

Quinto.- O importe para a presente licitación poderá tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias do orzamento municipal: 3370.227.99.01 “GASTOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE VIGOSÓNICO”

Sexto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe, en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

PROPOSTA.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- “Autorizar a tramitación do expediente de **PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE** EXPTE: 10287-336

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de **328.356,82€** (trescentos vinteoito mil trescentos cincuenta e seis con oitenta e dous euros) IVE incluído, sendo o importe correspondente ao 10% de IVE **29.850,62 €** (vintenoventa mil oitocentos cincuenta e dous euros).

e, dos cales 106.603,52€ corresponden ao período de 2026; 164.178,41€ ao período correspondente a 2027 e, 57.574,89€ ao período do 2028 que corresponda, con cargo á partida orzamentaria **3370.227.99.01 “GASTOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE VIGOSÓNICO”**

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 31 de marzo de 2026 para a **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE**, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 26 de marzo de 2026.

CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 186 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

23(265).- PLAN ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS (PASSCM)_2026. Expte. 291260/301

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 23/03/2026 e o informe de fiscalización de do 31/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/03/2026, asinado pola xefa de Benestar Social e polo xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 19.02.2026 a Concelleira de área de goberno de Política Social e Participación Cidadá (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe do Xefe de Área de Benestar social do 19.02.2026 , resolveu iniciar o expediente do «PLAN ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS (PASSCM)-2026» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas rogadas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. Posteriormente, no DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se que modificaron os módulos económicos de financiamento e unha actualización das contías dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,

Cómpre salientar aquí esta cuestión, xa que a última actualización das retribucións do persoal de servizos sociais comunitarios básicos por parte da Xunta de Galicia, data, de 2016, é dicir, hai case unha década que a Xunta de Galicia non actualiza os módulos económicos de financiamento e actualización das retribucións do persoal, para garantir unha mínima calidade na prestación deste servizo público esencial.

Cómpre tamén chamar a atención que no programa de xestión do Plan Concertado da Xunta de Galicia, aínda continúa o financiamento por parte da Comunidade Autónoma do Servizo de Axuda no Fogar en 12 euros/hora, cando a Xunta de Galicia acadou un acordo coa FEGAMP no mes de febreiro, que prevé que o prezo hora será de 16 euros (coas achegas do Estado) no ano 2026. Sorprende que aínda estea sen actualizar este acordo adquirido e que os Concellos deban solicitar as axudas a través do aplicativo da Xunta de Galicia cun prezo hora absoutamente desfasado e obsoleto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 187 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, regúlanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademais de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática ciclo anual aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM)”.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferéncianse entre transferencias correntes o cal dispón de dúas liñas de financiamento:

1.- Para gastos correntes asociados a prestación básicas dos servizos sociais comunitarios (gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar nas súas dúas modalidades e sostemento doutros programas de actuación comunitaria). Lembrar o dito máis arriba, nin os gastos de persoal (sen actualizar dende 2016), nin as achegas ao Servizo de Axuda do Fogar correspóndense coa realidade do ano 2026 (nin tan sequera cos acordos adquiridos no seo da Federación Galega de Municipios e Provincias).

2.- Para gastos correntes asociados aos equipos de intervención familiar especializados na prevención e na protección integral de posibles situacións de violencia exercida sobres as persoas menores de idade (LOPIVI)

O citado procedemento BS623A **non dispón de ningunha liña de financiamento destinada aos servizos sociais para INVESTIMENTOS** (capítulo VI de gastos que teñen como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións) sin embargo, **si deben indicarse** na aplicación informática dos Servizos Sociais Comunitarios (SSCOMU)), nin tampouco para as TRANSFERENCIAS DE CAPITAL que realicen os Concellos no seu capítulo VII de gastos para que sexa a veciñanza a que realice o investimento (por exemplo, as axudas para MELLORAS EN FOGARES.

A Concellería de Servizos Sociais iniciou no 2020 un Plan de investimentos para a mellora e ampliación da prestación dos servizos sociais, consistente na rehabilitación interior e ampliación do centro de servizos sociais da Praza da Princesa e a rehabilitación do edificio sito en rúa Alta n.º 23 do Casco Vello para uso de Centro de formación para persoas en risco de exclusión social. Neste ano 2026, continuamos co plan de investimentos con máis de 127.000€ que inclúe os mantementos, reformas e investimento. **O financiamento para estes investimentos debería axustarse ao Mapa galego de servizos sociais e ao Plan estratéxico de servizos sociais da Xunta de Galicia tal e como recolle o xa citado Decreto 99/2012.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 188 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Pero dado que, tanto o Mapa galego de servizos sociais coma o Plan estratéxico de servizos sociais da Xunta de Galicia, a día de hoxe, seguen sen aprobarse e polo tanto, non se convocan subvencións en réxime de concurrencia competitiva, estes investimentos serán asumidos e financiados integramente polo Concello de Vigo.

Reiterando o xa dito, este ano comezou o novo contrato maior do Servizo Axuda no Fogar, no Concello de Vigo. O prezo/hora de licitación do novo contrato fixouse en **23,59€/hora (antes 16,69€)**. Este incremento explícase polo aumento dos custos laborais derivados da aplicación do “Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia” (DOG nº 31, do 16.02.2010) e os posibles incrementos dos custos laborais durante a vixencia prevista do contrato e polos actuais prezos/hora deste servizo en distintos concellos de Galicia (Arteixo: 22,66 €/h, Fene: 23,26 €/h, Oleiros: 23,91 €/h, Santiago 23,62 €/h, Redondela: 23,17 €/h). Tendo en conta o número de horas anuais do servizo para a modalidade SAF-dependencia asignadas pola Xunta (650.832h) máis o número de horas da modalidade de libre concurrencia e o novo prezo do contrato para cada anualidade terá un custe máximo de 15.727.795,20€, fronte aos 10.794.277,95€/ano dos anos anteriores.

Diante de toda esta realidade que terá un enorme impacto para as arcas municipais (o custo do servizo elevarase case un 50%) e a pesares do Acordo entre a Xunta de Galicia e a Fegamp o do 6 de febreiro do 2026 de elevar o financiamento no 2026 a 16 euros/hora na plataforma da Xestión do cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais deste ano 2026 o financiamento segundo o modulo da Xunta de Galicia segue figurando precio máximo de 12€/hora.

A Xunta de Galicia e o Goberno de España, por tanto e mentres non se faga efectivo o acordo están a financiar só o 48,46% do servizo. Sendo o resto do importe do contrato imputado ao Concello de Vigo, que xestiona esta competencia por derivación dunha lei autonómica, é dicir por mandato da administración titular, que non é outra que a Xunta de Galicia.

Todo isto, sen ter en conta que o custo aboado ao contratista non é o único custo do servizo, xa que o Concello de Vigo financia, ademais, as retribucións de todo o persoal municipal específico adscrito a este servizo (que ten unha adicación do 100% ao servizo).

Polo que habería que engadir ás cifras antes mencionadas (15.727.795,20€), os custos directos e indirectos asociados á prestación, distintos dos devengados polo contratista: 1.219.613,41 euros/anuais, segundo o estudo de custo de actividade do ano 2025 que ten avaliado o Servizo de Contabilidade e Orzamentos do Concello de Vigo, que forma parte da información remitida ao Órgano Fiscalizador externo (Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia), o que significa, un custe máximo total anual para o novo contrato de 16.947.408,61€

Cómpre lembrar a este respecto que a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, no seu artigo 1.3. establece que no caso de que a administración autonómica decida atribuír competencias propias aos Concellos, os anteproxectos das leis deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia, na que se reflecta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 189 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Engade a maiores a norma que “a lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais sin que elo poida supor, en ningún caso, un maior gasto das administracións públicas.

En canto á delegación, o artigo 2 da norma antes citada, establece que “deberá ir acompañada en todo caso do correspondente financiamento, para o que será necesaria a existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para cada exercicio económico, sendo nula sen a dita dotación.

Por outra banda, hai que sinalar que a Ley 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía persoal e Atención a persoas en situación de dependencia, recolle un sistema de financiamento específico, que establece a participación da Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as propias persoas beneficiarias das prestacións, mediante o sistema de copago, pero, en ningún caso, a Lei prevé que sexan os Concellos os que asuman parte do financiamento do sistema e, moito menos, que sufraguen máis da metade do custo do servizo con cargo aos orzamentos das entidades locais, como é o caso de Vigo que **pasará a asumir neste exercicio máis do o 52% do custo total do servizo de axuda no fogar.**

Por tanto, e a modo de conclusión, **do total do Proxecto anual de servizos sociais comunitarios do Concello de Vigo que este ano 2026 elévase a 29.735.647,36€ a Xunta so nos permite solicitar 13.810.832,53€**

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PLAN ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS (PASSCM)-2026», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 291260/301 (2026).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, **a continuidade na prestación** destes servizos no Concello de Vigo. Solícitase, asemade, que se teñan en conta por parte da Xunta de Galicia os argumentos expresados na parte expositiva do presente informe sobre o impacto económico para o Concello de Vigo que suporá a dita continuidade na prestación.

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de 13.810.832,53€ co seguinte detalle:

- Persoal: 1.074.443,00 €
- Mantemento: 3.463,39 €
- Axuda no fogar:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 190 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

*Modalidade de prestación básica: 41.458,57 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 7.902.720,00 €

-Xestión de programas: 4.788.747,57 €

- Investimentos: 0,00 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2026, na contía de 15.411.245,81 € que supón unha porcentaxe do 52,74 % sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social e Igualdade relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política Social e Participación Cidadá, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo Decretos de delegación de competencias da Alcaldía – Presidencia nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados e nas delegacións específicas, do 25.09.2025, e nos demais preceptos de pertinente aplicación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(266).- RECURSO ESPECIAL CONTRA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 51261/446

Somésete a aprobación o informe proposta de data 01/04/2026 asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 191 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 3 de setembro de 2025 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixéndose como data final o 3 de outubro as 23.59.

Terceiro.- Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. FCC MEDIO AMBIENTE, SAU
2. PREZERO ESPAÑA, SA
3. URBASER, SA
4. UTE IMESAPI – RAGA MEDIO AMBIENTE
5. EULEN, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 192 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión do 9 de outubro de 2025, acordou admitir a ambos licitadores neste procedemento, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A continuación procedeu a apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Quinto.- Na sesión da Mesa do 4 de febreiro de 2026, entrégase o informe asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns o 30 de xaneiro de 2026 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, o cal é aceptado polo Mesa. A continuación procedeuse, en acto público, a apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e acordouse solicitar informe do mesmo ao servizo xestor.

Sexto.- A Mesa, na sesión do 12 de febreiro de 2026 aceptou o informe de valoración do sobre C asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 9 de febreiro de 2026, e formulou proposta de clasificación a concelleira delegada da área de Contratación.

Sétimo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 12 de febreiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo (51261-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FCC MEDIO AMBIENTE, SAU	96,81
2	PREZERO ESPAÑA, SA	93,48
3	URBASER, SA	81,26
4	UTE IMESAPI – RAGA MEDIO AMBIENTE	81,00
5	EULEN, SA	64,69

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC MEDIO AMBIENTE, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 193 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Oitavo.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC MEDIO AMBIENTE, SAU, o día 17 de febreiro de 2026, que presenta a documentación requirida o o 23 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Noveno.- A Mesa de Contratación, na sesión de 4 de marzo de 2026, tras revisar a documentación achegada polo licitador, e constatado que esta é correcta, formula proposta de adxudicación ao órgano de contratatación.

Décimo.- En data 4 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno Local, á proposta da Mesa de contratación, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a FCC MEDIO AMBIENTE, SAU o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo (51261-446) coas seguintes condicións:

O prezo total do contrato é de 8.571.691,17 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.289.030,87 euros, co seguinte desglose

Importe base de licitación		7.282.660,30 €
Custes execución material conservación	70,00 %	5.097.862,21 €
Custes execución material limpeza	30,00 %	2.184.798,09 €
IVE Limpeza	10,00 %	218.479,81 €
IVE Conservación	21,00 %	1.070.551,06 €
Importe total		8.571.691,17 €

O incremento da porcentaxe mínima destinada a trabalos de mellora e ás campañas de divulgación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato que fixa o PPPT (1,5 % de aplicación ao importe total do gastos antes de aplicar os GX e o BI) é de 0,50 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 5 de marzo de 2026.

Undécimo.- En data 26 de marzo de 2026, D^a. Maria José Coello Garcia, en nome e representación da mercantil PREZERO ESPAÑA, S.A.U., (en adiante, PREZERO ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 194 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación.

Duodécimo.- O recurso foi admitido a trámite, solicitándose o correspondente informe ao órgano de contratación. A área de Contratación e Novos Proxectos, para a redacción da proposta de informe, solicitou informe sobre o recurso ao servizo xestor do contrato. O informe é asinado en data 1 de abril pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da XGL de do 4 de marzo de 2026, de adxudicación procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes do Concello de Vigo (51261-446).

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 195 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 196 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 197 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 198 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adjudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- b) Cando se interpoña contra a adjudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 26 de marzo de 2026. Dado que a adjudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 5 de marzo, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

PREZERO impugna a adjudicación por un único motivo, considera arbitraria, incongruente e contraditoria a valoración técnica do sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" da empresa adjudicataria polo que estima conculcado o principio de igualdade: *"la puntuación otorgada a la empresa FCC MEDIO AMBIENTE, SAU., adjudicataria de la licitación, incurre en graves incongruencias, omisiones y contradicciones que derivan en un trato desigual y en una valoración arbitraria, contraria a los principios de concurrencia e igualdade"* (pag. 3). Esta circunstancia, ao seu xuízo, debería determinar que se *"revoque, anule o deje sin efecto el referido Acuerdo de Adjudicación por adolecer el Informe de Valoración técnica de vicios de nulidad consistentes en arbitrariedad, falta de motivación cualitativa, error material de hecho y aplicación de subcriterios ex novo, se acuerde excluir de la licitación a la oferta presentada por FCC y la retroacción del procedimiento al momento inmediatamente anterior a la valoración de las ofertas técnicas (Sobre B) para que se proceda a una nueva valoración de estas conforme a los principios de igualdade de trato y transparencia, asignando a mi representada PREZERO ESPAÑA, S.A. la puntuación que técnicamente le corresponde y procediendo a una nueva clasificación y consiguiente adjudicación a favor de mi representada"* (pag. 25).

O recorrente articula o escrito de recurso criterio a criterio fixando os fundamentos da impugnación de cada un deles. Dado que o que se cuestiona é a valoración técnica dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor da oferta do adjudicatario, solicitouse informe ao respecto ao servizo xestor. Este, asinado en data 1 de abril de 2026, manifesta o seguinte:

"1º CRITERIO A.1. PROPOSTA DA ORGANIZACIÓN XERAL DO SERVIZO.

Neste apartado o licitador pon de relevo a existencia dunha suposta contradición interna do avaliador, unha valoración redundante (dobre puntuación) e unha omisión da idoneidade loxística nos contidos seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 199 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.- **Incongruencia na valoración das funcións do persoal**

Prezero España S.A. alega contradición interna do informe na valoración das funcións do persoal. Con respecto a esta alegación, é necesario informar que a puntuación outorgada responde a unha aplicación coherente dos criterios establecidos nos pregos. A oferta de FCC Medio Ambiente presenta un maior nivel de detalle operativo e especialización na definición das tarefas, describindo as funcións prácticas de cada figura dentro da engranaxe do servizo. Pola contra, a proposta de PreZero, aínda que identifica os perfís, recorre a definicións funcionais máis xenéricas e menos desenvolvidas, ao indicar que os operarios realizarán “as labores propias da súa categoría profesional segundo o convenio” sen concretar suficientemente as súas tarefas. En consecuencia, non se aprecia erro nin arbitrariedade na valoración realizada.

2.- **Valoración indebida de “Melloras cuantitativas” nun criterio cualitativo**

O licitador argumenta unha dobre valoración do número de operarios nos criterios A.1 e A.2.1.1. Neste caso, debe sinalarse que se trata de aspectos diferenciados e avaliados conforme á súa distinta natureza. O criterio A.1 ten carácter cualitativo e céntrase na descrición da organización e estrutura do servizo, valorando a súa capacidade para facilitar a xestión e coordinación do contrato, mentres que o criterio A.2.1.1 responde a unha dimensión cuantitativa, na que se analiza a dotación numérica de persoal e a súa xustificación mediante datos obxectivos. En consecuencia, o feito de que o servizo xestor faga referencia ao incremento de persoal na xustificación do criterio A.1 non implica unha nova valoración do número de efectivos, senón a consideración do seu impacto na solidez e coherencia da estrutura organizativa, o que encaixa no xuízo de valor sobre a “xestión” e a “estrutura” solicitado neste apartado. Polo tanto, non existe dobre valoración, senón unha análise complementaria de distintos aspectos conforme ao previsto nos pregos.

3.- **Falta de ponderación da Infraestrutura de Proximidade**

Prezero España S.A. manifesta que, a pesar de que o informe de valoración técnica valida a localización e distribución das instalacións de PreZero en Lavadores, non outorga valor cualitativo á proximidade operativa, equiparando inxustificadamente a puntuación de FCC á excelencia sen motivar debidamente a suposta superioridade da súa proposta loxística. Non obstante, non procede estimar esta alegación, dado que o criterio A.1 ten carácter global e cualitativo, referido á organización xeral do servizo e non na valoración illada da localización xeográfica. O PCAP non establece ningunha puntuación específica pola cercanía, esixindo unicamente a dispoñibilidade de instalacións no termo municipal, requisito que ambas ofertas cumpren. Neste contexto, a valoración realizouse atendendo ao conxunto da proposta organizativa —dimensión, equipamento, desenvolvemento técnico e capacidade operativa—, resultando superior a de FCC Medio Ambiente. En consecuencia, a proximidade constitúe un elemento accesorio que non inflúe de maneira determinante no xuízo global efectuado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 200 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

2º CRITERIO A.2. PROPOSTAS DE EXECUCIÓN DOS SERVIZOS A DESENVOLVER EN RELACIÓN ÁS PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO.

1.- A.2.1.1 Dotación de persoal.

Prezero España S.A. fundamenta a súa impugnación en tres aspectos: a vulneración do carácter cualitativo do xuízo de valor, existencia de contradición interna no informe de valoración entre os apartados A.2.1.1. e A.2.4. e omisión dos rendementos de eficiencia e sobredotación inxustificada.

a) Vulneración do carácter cualitativo do xuízo de valor

Fronte a estas pretensións, debe terse en conta que a valoración da dotación de persoal non responde unicamente a un «automatismo numérico», senón a un xuízo de valor sobre o impacto operativo que dito incremento xera na calidade técnica do servizo. O informe técnico vincula a maior puntuación da adxudicataria ao feito de que o reforzo de persoal permite mellorar as frecuencias mínimas esixidas —pasando de quincenais a semanais en zonas críticas— o que permite unha detección temperá de riscos e unha mellora no mantemento preventivo.

Resulta ademais contradictorio que a recorrente impugne o uso deste criterio cando ela mesma, ao tratar de invalidar o apartado A.1, recoñece expresamente que o número de operarios debe valorarse precisamente no subapartado A.2.1.1. A propia PreZero tamén propuxo na súa oferta un incremento de plantilla sobre o mínimo do prego para «mellorar a prestación», validando así a estratexia técnica de usar o reforzo humano como factor de mellora.

b) Contradición interna no informe de valoración

En relación coa alegación presentada pola recorrente sobre a suposta desigualdade na valoración entre os apartados A.2.1.1 e A.2.4, débese sinalar que se trata de conceptos e criterios claramente diferenciados e compatibles entre si.

O criterio A.2.4 ten por obxecto valorar a coherencia interna da proposta, isto é, se os medios humanos e materiais propostos están adecuadamente distribuídos e concordan coa organización prevista para a prestación do servizo. Por tanto, a puntuación máxima neste apartado reflicte que a oferta é internamente consistente, pero non implica que os medios sexan necesariamente suficientes para mellorar obxectivos específicos ou alcanzar niveis superiores de calidade.

Pola súa banda, o criterio A.2.1.1 avalía a suficiencia e a mellora da dotación de persoal e recursos para lograr obxectivos superiores, atendendo á ambición técnica do licitador para a proposta de execución das prestacións do servizo. Deste xeito, unha oferta pode ser coherente (como a de PreZero, obtendo máxima puntuación en A.2.4) pero presentar unha dotación menos robusta ou con menor capacidade de mellora que outra proposta (como a de FCC Medio Ambiente), que incorpora un modelo de inspección e mantemento máis intensivo e seguro.

En consecuencia, a diferenza de puntos entre ambos criterios non constitúe unha valoración arbitraria nin contradictoria, senón que reflicte a correcta aplicación das bases



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 201 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do concurso, distinguindo entre a concordancia interna da proposta e a suficiencia e ambición técnica da dotación, conforme ao previsto nos pregos.

c) Omisión dos rendementos de eficiencia e sobredotación inustificada

O recorrente sostén que a valoración positiva da incorporación de dous socorristas adicionais supón premiar unha posible sobredotación de persoal, potencialmente ineficiente, e que iso podería vulnerar o principio de eficacia na contratación pública.

A este respecto, cómpre reiterar que nos atopamos ante un criterio sometido a xuízo de valor e segundo o establecido no PCAP, deben valorarse aquelas ofertas que acrediten unha maior precisión, coherencia e adecuación ás necesidades reais do servizo. Neste caso, tales necesidades veñen determinadas pola xeometría complexa de determinadas instalacións, así como pola ampliación das quendas dos socorristas en relación co horario de apertura ao público, co obxecto de garantir que as tarefas auxiliares de control e mantemento estean debidamente realizadas no momento da apertura. En consecuencia, a diferenza de puntuación outorgada non responde a unha mera valoración cuantitativa dun maior volume de persoal, senón ao recoñecemento dunha mellor proposta organizativa, que dimensiona de maneira axeitada os recursos humanos necesarios para asegurar unha vixilancia continua, eficaz e plenamente adaptada ás características específicas do servizo.

2.- A.2.2.1 Maquinaria.

PREZERO ESPAÑA S.A. fundamenta a súa impugnación no cumprimento íntegro das esixencias do prego, na indeterminación e subxectividade da valoración e, novamente, nunha pretendida contradición coa “Concordancia de Medios” (criterio A.2.4).

A este respecto, cómpre realizar as seguintes consideracións. En primeiro lugar, a diferenza de puntos asignada entre as ofertas non responde, en ningún caso, a unha omisión de datos obrigatorios por parte de PREZERO. Non obstante, o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos nos pregos non implica, por si só, a obtención da máxima puntuación.

Neste sentido, a puntuación superior outorgada á oferta de FCC responde a unha valoración cualitativa comparativa, na que se apreciou unha maior profundidade na proposta técnica, así como a incorporación de equipos con prestacións superiores, o que xustifica a súa lixeira vantaxe. Non existe, polo tanto, indeterminación nin arbitrariedade. A puntuación fundaméntase nun xuízo de valor previsto nos pregos, aplicado conforme aos principios de obxectividade e transparencia. En consecuencia, a alegada subxectividade non é tal, senón o exercicio regrado da valoración técnica.

En relación a contradición coa “Concordancia de medios” cabe sinalar que cada subcriterio de valoración é independente e responde a obxectivos distintos. O apartado A.2.2.1 avalía a calidade e a descrición técnica dos medios materiais, mentres que o A.2.4 valora a súa asignación operativa. Polo que, unha empresa pode acadar unha alta puntuación na asignación de medios, pero presentar a información cun menor grao de detalle descritivo en comparación coa súa competidora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 202 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

3.- A.2.3.1 Equipos de protección individual.

O recorrente sinala que o servizo xestor detectou a mesma carencia técnica en ambas ofertas (falta de detalle nos EPIs), pero, sen motivación, concedeu maior puntuación a FCC que a PREZERO, o que, segundo argumenta, vulnera o Principio de Igualdade de Trato e o principio de prohibición da arbitrariedade.

No exame das ofertas, constatouse que PreZero presenta os EPIs de forma xeral e agrupada en tres tipos de protección (ocular, auditiva, luvas), limitándose a citar brevemente os tipos de equipos e centrando a información en aspectos administrativos, como a taxa de reposición e as obrigas de uso. En contraste, a oferta de FCC contén un desglosamento moito máis detallado e orientado á prevención de riscos específicos do servizo. Inclúe equipos que PreZero omite, como pantallas de soldadura, botas de seguridade para soldador, pantalóns ou petos anticorte para o uso de motosierras, cinturóns e arneses con dispositivos anticaídas para traballos en altura, e mesmo protección solar específica para operarios expostos.

A avaliación técnica conclúe que, aínda que ambas propostas carecen dunha descrición completamente detallada, a de FCC resulta comparativamente superior pola diversidade de equipos específicos adaptados a cada posto de traballo (soldadores, podadores, socorristas), fronte á lista máis minimalista presentada por PreZero.

4.- A.2.3.2 Vestiario do persoal.

PREZERO ESPAÑA, S.A. fundamenta a súa impugnación en supostos erros materiais de feito por omisión de lectura da oferta, no relativo ás características das prendas, en indeterminación na penalización do vestuario de socorristas e en trato desigual fronte á adxudicataria.

No entanto, mentres que PreZero limita a súa presentación a descrições xenéricas (“ergonomía”, “elementos de seguridade”) e á indicación de unidades, FCC realiza unha descrición técnica moito máis exhaustiva, citando normas específicas e, sobre todo, incorporando características e prestacións dos tecidos utilizados na fabricación das prendas e do calzado. Valorizar positivamente a calidade superior e o detalle técnico dos tecidos non constitúe un erro, senón o exercicio lexítimo de premiar a excelencia técnica prevista nos pregos.

PreZero cualifica de “arbitraria” a crítica de que o seu vestuario de socorristas está “incompleto”, alegando que o PPT non esixe unha lista pechada. Con todo, o criterio A.2.3 constitúe un xuízo de valor, que obriga ao avaliador a comparar cal das ofertas responde mellor ás necesidades reais do servizo identificadas no diagnóstico previo.

Neste contexto, PreZero na súa relación de prendas ofrece para os socorristas unicamente tres tipos de pezas (polo, traxe de baño e viseira), mentres que para o resto do seu persoal incorpora calzado e prendas que ofrecen protección fronte a diversas condicións climáticas (frío, choiva). Pola contra, FCC presenta unha proposta cunha equipación profesional mais completa, que garante a protección do socorrista fronte a diversas condicións climáticas e necesidades de seguridade. Por tanto, cualificar como “incompleta” a proposta de vestuario de Prezero para os socorristas constitúe un xuízo técnico motivado, baseado na comparativa de protección e operatividade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 203 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3º CRITERIO A.3. PROPOSTA DO PROGRAMA DE SUPERVISIÓN E CONTROL.

Neste caso, o recorrente formula como fundamentos da súa impugnación: unha contradición intrínseca na motivación do informe, a inexistencia de prohibición de sistemas modulares no prego e a eficiencia da interoperabilidade fronte a arquitectura de sistema.

Non se aprecia a suposta contradición na motivación do informe técnico, xa que a cualificación dunha ferramenta como “áxil e sinxela” é compatible coa existencia dunha maior complexidade na súa xestión e integración. Trátase de planos distintos (interface fronte a arquitectura técnica), cuxa valoración diferenciada resulta plenamente razoable.

Tampouco pode prosperar a alegación relativa á inexistencia de prohibición de sistemas modulares no prego, dado que non se penaliza a modularidade en si mesma, senón as consecuencias derivadas dunha menor percepción da integración funcional ao desenvolver con menor grado de detalle a descrición da integración dos diferentes elementos

En canto á pretendida superioridade da interoperabilidade, esta constitúe unha mera discrepancia co xuízo técnico realizado, sen que se acredite erro manifesto nin arbitrariedade, estando a valoración amparada pola discrecionalidade técnica da Administración.

4º CRITERIO A.4. XESTIÓN AMBIENTAL.

PREZERO ESPAÑA, S.A. fundamenta a súa impugnación na inexistencia de causa “fáctica” para a penalización, a vulneración do deber de coherencia e motivación arbitrariedade no xuízo de valor

A puntuación outorgada a FCC xustifícase pola excepcional calidade analítica da súa proposta, que non se limita a enunciar medidas, senón que as fundamenta tecnicamente achegando estimacións cuantificadas, datos comparativos e gráficos detallados, o que permite realizar unha avaliación obxectiva e real do impacto ambiental esperado no servizo.

Pola súa banda, a proposta de Prezero foi cualificada como “bastante completa” e coherente, recoñecéndose positivamente o uso de diagramas de fluxo e códigos LER para a xestión de residuos. Non obstante, na comparativa técnica esixida determinouse que non acadou o nivel de detalle analítico da considerada mellor oferta.

De acordo co principio de comparación de ofertas e segundo as regras de valoración, a máxima puntuación debe outorgarse á oferta que recolla con maior precisión e coñecemento os aspectos descritos, puntuándose o resto por comparación. Neste caso, ao ter presentado FCC unha oferta cunha robustez gráfica e comparativa superior, o avaliador está obrigado a reflectir esa diferenza técnica na puntuación final.

Polo tanto, a expresión de “falta de datos concretos” que describe o informe de valoración non implica a inexistencia de información, senón unha valoración cualitativa considerada insuficiente en comparación co estándar de excelencia fixado polo licitador mellor puntuado, e o que parece pretender Prezero España é substituír o criterio do Servizo de Parques e Xardíns polo seu propio, o cal resulta improcedente segundo a doutrina administrativa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 204 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

5º CRITERIO A.5. PROPOSTAS PARA MELLORAR O SERVIZO.

PREZERO ESPAÑA, S.A. fundamenta a súa impugnación na inexistencia do requisito nos pregos, na vulneración dos principios de publicidade e transparencia e na arbitrariedade no xuízo de valor. A este respecto cabe sinalar as seguintes consideracións:

En primeiro lugar, avaliar se unha mellora é “completa” en relación co obxecto do contrato non é un subcriterio oculto, senón unha aplicación lóxica da discrecionalidade técnica. Así, resulta conforme a dereito valorar máis favorablemente as propostas que abranguen de forma completa o obxecto do contrato fronte ás que presentan un alcance parcial.

Ademais, o informe técnico xustifica a menor puntuación da oferta recorrente pola súa menor concreción e detalle técnicos, apreciación que constitúe un xuízo de valor de carácter estritamente técnico, que goza de presunción de acerto e veracidade .

Finalmente, igualar na puntuación propostas de distinto alcance e calidade suporía vulnerar os principios de igualdade e eficiencia.

6º ERROR ARITMÉTICO INSUBSANABLE E INSUFICIENCIA NA PARTIDA DE ABSENTISMO.

A recorrente manifesta que a adjudicataria incorre nunha contradición matemática que vicia a coherencia da súa proposta ao calcular o 4% de absentismo.

O prego de prescricións técnicas indica no apartado 6. “Medios Humanos” : «(...) O contratista disporá, como mínimo, do persoal definido no organigrama e cadro de persoal da súa oferta, que contemplará o persoal mínimo, nunca inferior, esixido neste prego, estando obrigado a cubrir todas as ausencias producidas por calquera incapacidade laboral transitoria ou temporal (ILT) do persoal de oficios manuais e administrativo e os socorristas (...).». Polo tanto, segundo o orzamento detallado incluído pola adjudicataria na súa oferta o importe para o primeiro ano de contrato correspondente aos gastos de persoal, excluídos as categorías de técnico e encargado supón un total de 963.045,96€ - (53.601,17€ + 54.367,20€) = 855.077,59€

Aplicando o 4% de absentismo considerado polo adjudicatario resulta un importe de 34. 203,10€ que coincide co estimado no orzamento detallado para o cálculo do importe do contrato.

7º INVIABILIDADE ORZAMENTARIA DE SISTEMAS INFORMÁTICOS, GIS Y GPS.

PREZERO ESPAÑA, S.A. alega que é materialmente imposible cubrir a adquisición de hardware para toda a flota, as licenzas de software GIS, o desenvolvemento de servizos web e o mantemento de servidores con apenas 373 € mensuais, polo que a infravaloración desta partida demostra que a adjudicataria non presupostou o custo real dos sistemas de control esixidos para a fiscalización do servizo.

Neste sentido, compre informar que PreZero basea a súa impugnación no custo de mercado, sen considerar que os licitadores son grandes operadoras con recursos xa amortizados. A memoria de FCC indica expresamente que se emprega a súa plata-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 205 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

forma corporativa, xa desenvolvida e implantada a nivel nacional, polo que os custos de licenzas e servidores nun contrato concreto son marxinais ou de mantemento. Ademais, a integración de dispositivos no seu sistema propio evidencia que a infraestrutura tecnolóxica xa existe e está operativa.

8º FALTA DE RIGOR TÉCNICO E INFRAVALORACIÓN NOS CUSTOS DE INSPECCIÓN TÉCNICA.

PREZERO ESPAÑA, S.A. asume que os custos para unha empresa deben coincidir cos prezos de mercado para un terceiro, ignorando a capacidade operativa de grandes licitadores. Empresas como FCC poden dispoñer de acordos marco nacionais ou servizos propios acreditados por ENAC, o que permite aplicar tarifas planas ou custos reducidos por volume de activos. Ademais, a oferta de FCC implica a aceptación incondicionada de cumprir todas as prescricións técnicas, asumindo o risco de que custos concretos superen os estimados, sen que isto afecte á correcta execución do contrato, dado que o prezo global é suficiente.

9º INVIABILIDADE DAS PARTIDAS DESTINADAS A CONTROL SANITARIO E SAÚDE PÚBLICA.

A recorrente sostén que FCC infravalorou os custos de análises clínicas e sanitarias, o que impediría cumprir coas frecuencias e metodoloxías esixidas no Prego, poñendo en risco a saúde pública e xerando un suposto aforro ficticio para mellorar a súa puntuación económica.

A oferta de FCC constitúe unha “aceptación incondicionada” de todas as prestacións do Prego de Prescricións Técnicas (PPT). Ao non tratarse dunha baixa temeraria no seu conxunto, o licitador asume baixo o seu propio risco e ventura a execución de todas as análises e certificacións esixidas, independentemente do desglose interno de custos que teña realizado. Ademais, unha operadora do tamaño da adjudicataria pode dispor de acordos marco con laboratorios acreditados e servizos de inspección especializados, o que lle permite asumir custos sensiblemente inferiores aos prezos de mercado que a recorrente utiliza na súa análise. Esta vantaxe confirma que a execución dos traballos presupostados é economicamente viable. Por todo o anterior, a alegación de inviabilidade económica formulada pola recorrente carece de respaldo técnico ou xurídico”.

Unha vez analizadas as alegacións do recorrente acerca da valoración dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, así como o informe técnico do servizo xestor acerca das mesmas, compre dicir que esta valoración encádrase no ámbito da denominada discrecionalidade técnica da Administración. Da lectura do informe técnico desprendese claramente que os técnicos respectaron as regras de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor incluídos no apartado 7.A da FEC do PCAP, que reproducimos a continuación:

“- Regras de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor

Realizarase do seguinte xeito e por esta orde:

1. **Avaliación técnica de cada apartado.** A puntuación para cada criterio asignarase tendo en conta as indicacións recollidas no mesmo, tendo en conta os seguintes aspectos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 206 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- a) O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes directos para a prestación dos servizos, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos.
- b) O grado de detalle adecuado, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos.
- c) A xustificación e coherencia da metodoloxía indicada para a execución dos traballos, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos menos para o apartado A.1.
- d) A calidade dos medios, recursos ou procesos propostos en relación ao obxecto do contrato e os condicionantes do PPTP, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos.
- e) A coherencia dos contidos expostos de acordo os medios e procesos propostos en relación cos requisitos mínimos obrigatorios descritos no PPTP, que será de aplicación para todos os apartados do plan de servizos

Para outorgar a puntuación de cada un dos criterios, outorgarase a maior puntuación á oferta que se considere que recolle con maior precisión e coñecemento os aspectos descritos e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a descrición do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co obxecto do contrato, conteña propostas incoherentes entre o ofertado e os recursos propostos, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio expediente de contratación a través dos pregos que definen o presente expediente.

2. **Suma da puntuación de cada apartado para obter a puntuación total dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor**
3. **Determinar se acada ou non o limiar mínimo de puntuación.** Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.
4. **Aplicación dos descontos que procedan.** Cando a documentación dun criterio non reúna os requisitos de presentación indicados neste prego descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio”.

Así, a maior puntuación do adxudicatario derivase do feito de que “recolle con maior precisión e coñecemento os aspectos descritos” e a puntuación dos demais licitadores outorgouse puntuándoos, “en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación”. Extremo que resulta patente tanto da lectura do informe técnico impugnado como da súa resposta as alegacións do recurrente.

Existe unha doutrina consolidada, tanto xurisprudencial, como administrativa, derivada tanto das resolucións dos tribunais administrativos de recursos contractuais como dos órganos consultivos que afirma que tales valoracións gozan dunha presunción de acerto e razoabili-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 207 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dade (STS de 18 de xullo de 2006), ao seren efectuadas por órganos especializados con coñecementos técnicos na materia. Se ben, está sometida a uns requisitos mínimos de motivación que permitan aos licitadores coñecer que concretos aspectos foron ponderados para chegar á puntuación que se atribúa pola mesa de contratación a cada apartado (fundamento de dereito oitavo da Resolución nº 366/2026, de 26 de febreiro de 2026, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales -TACRC).

Por todas citaremos a Resolución nº 1794/2025, que recolle no seu fundamento de dereito sexto a doutrina sobre a discrecionalidade técnica:

“Los órganos de contratación gozan de discrecionalidad técnica en la valoración de los criterios de adjudicación sujetos a un juicio de valor, de manera que este Tribunal debe limitarse a comprobar si, en este caso, se han seguido los trámites procedimentales y de competencia, analizar si se ha incurrido en error material, y si se han aplicado formulaciones arbitrarias o discriminatorias. Podemos citar a este respecto, por todas, la Resolución no 675/2021, de 4 de junio, que al respecto señala que: “En este sentido se ha pronunciado este Tribunal en múltiples ocasiones. Por todas en la Resolución no 77/2014, de 5 de febrero, citada en la no 190/2020, de 13 de febrero- citadas por la reciente Resolución no 1297/2020, de 20 de diciembre, donde decíamos que: “Por lo que se refiere a la pretensión de revisión de la puntuación obtenida en los criterios sometidos a un juicio de valor por la oferta técnica del recurrente debe acudirse a la doctrina de este Tribunal sobre la aplicación de los criterios no valorables mediante fórmula y el carácter discrecional de su apreciación, según la cual, este Tribunal ha de limitarse a comprobar si se han seguido los trámites procedimentales y de competencia, analizar si se ha incurrido en error material y si se han aplicado formulaciones arbitrarias o discriminatorias. Así lo hemos reiterado en múltiples ocasiones (por todas, resolución 176/2011, de 29 de junio) al considerar que, a este tipo de criterios, les es de aplicación la jurisprudencia del Tribunal Supremo respecto de la denominada “discrecionalidad técnica” de la Administración.

En este mismo sentido, la resolución 189/2012 señalaba que la valoración de las ofertas de los licitadores en aquellos aspectos dependientes de juicios de valor por parte de la Mesa de contratación, constituye una manifestación particular de la denominada “discrecionalidad técnica” de la Administración, debiendo aplicarse la doctrina jurisprudencial elaborada, con carácter general, en relación con la posibilidad de revisión jurisdiccional de los actos administrativos dictados en ejercicio de las potestades discrecionales y, en particular, en relación con la actuación de las Mesas de contratación al valorar criterios subjetivos o dependientes de juicios de valor”.

Por su parte, hemos señalado reiteradamente en nuestras resoluciones que sólo en aquellos casos en que la valoración deriva del error, la arbitrariedad o el defecto procedimental caber entrar, no tanto en su revisión, cuanto en su anulación-seguida de una orden de práctica de una nueva valoración de conformidad con los términos de la resolución que la acuerde-, a lo que se añade que, para apreciar la posible existencia de error en la valoración no se trata de realizar “un análisis profundo de las argumentaciones técnicas aducidas por las partes sino más exactamente y tal como la jurisprudencia ha puesto de manifiesto, de valorar si en la aplicación del criterio de adjudicación se ha producido un error material o de hecho que resulte patente de tal forma que pueda ser apreciado sin necesidad de efectuar razonamientos complejos”.

A vista da citada doutrina podemos afirmar que a valoración técnica:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 208 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

- 1) Non pode ser substituída polo criterio do órgano revisor. De feito, este non pode entrar na revisión da mesma, senón que no caso de que concorran determinadas circunstancias, citadas na letra c do apartado seguinte, deberá anulala (fundamento de dereito noveno da citada Resolución nº 366/2026, de 26 de febreiro de 2026, do TA-CRC)
- 2) Só é susceptible de control en supostos taxados. Este control se circunscribe a verificar:
 - a) O cumprimento das normas procedimentais
 - b) A correcta aplicación dos criterios establecidos nos pregos
 - c) A inexistencia de: erro material ou patente, arbitrariedade, discriminación ou falta de motivación

Así o pon de releve o TACGAL na Resolución nº 217/2025, de 11 de novembro de 2025 (fundamento de dereito sexto):

“(…) á discrecionalidade técnica do órgano de contratación, que goza dunha presunción de acerto e validez nos seus criterios técnicos, e sobre as posibilidades de revisión que lle corresponden a este Tribunal, referidas á comprobación da debida motivación dos actos, de que non existan defectos formais, que non se utilicen criterios non previstos ou arbitrarios e que non existan erros materiais na valoración”.

No caso que nos ocupa, hai que por de releve as seguintes circunstancias:

- os criterios de adxudicación sometidos a xuízo de valor estaban claramente definidos nos pregos, así como as regras de valoración dos mesmos, antes citadas;
- a valoración foi realizada por órgano técnico competente consonte ao artigo 146 da LCSP, a Mesa de Contratación, se ben, solicitou asistencia para a valoración ao servizo xestor, tal e como permite o artigo 22.1.e do Real Decreto 817/2009. Este ao valorar respectou, tanto as normas de valoración do citado 146 como as que se desprenden do artigo 151, que regula a adxudicación do contrato e do propio prego;
- consta no expediente informe técnico debidamente motivado, que permite coñecer as razóns da puntuación outorgada;
- non se aprecia desviación dos criterios establecidos nin tratamento desigual entre licitadores.

As alegacións da entidade recorrente limitáanse a expresar a súa discrepancia coa puntuación obtida, sen achegar proba suficiente da existencia de erro manifesto, arbitrariedade ou infracción do ordenamento xurídico. En consecuencia, non se desvirtúa a presunción de acerto das valoracións técnicas efectuadas. E non podemos esquecer que a carga da proba destas circunstancias correspóndelle ao recorrente, que as afirma. Máis as alegacións vertidas no escrito de recurso non acreditan a existencia de vicios que invaliden a actuación administrativa.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso, por canto non queda acreditada a existencia de erro material, arbitrariedade, discriminación nin falta de motivación na valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 209 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-VI-**Conclusións**

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-**Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

-VIII-**Acordo**

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 210 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

25(267).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me-xs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/04/2026 12:11	Páxina 211 de 211
2063-1102 Aprobado por XGL 10/04/2026	CSV: A4BCA6-EDBAEC-ADE435-PD8L1X-ZEH88V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		